

26345 *LEI 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. («BOE» 275, do 17-11-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos máis de dez anos desde a promulgación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, esta norma, expresión dunha das reformas máis importantes experimentadas polos nosos mercados de valores, debe ser modificada para transpor ó ordenamento interno a Directiva 93/22/CEE, do 10 de maio de 1993, relativa ós servizos de investimento no ámbito dos valores negociables, a cal foi modificada con posterioridade pola Directiva 95/26/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de xuño de 1995. Así mesmo, apróvéitase o texto para incorporar, igualmente, ó noso ordenamento interno a Directiva 97/9/CE do Parlamento europeo e do Consello, relativa ós sistemas de indemnización dos investidores.

A Directiva de servizos de investimento, xunto coa Directiva 93/6/CEE, do 15 de marzo de 1993, sobre a adecuación de capital das empresas de investimento e das entidades de crédito, e a segunda Directiva do Consello, do 15 de decembro de 1989, para a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ó acceso á actividade das entidades de crédito e ó seu exercicio, representa unha das pezas clave na construción do mercado financeiro único e, en particular, o denominado «mercado único de valores».

Para conseguir esta meta, a Directiva de servizos de investimento, a similitude da segunda Directiva de coordinación bancaria, introduce o principio do «pasaporte comunitario» ou «licencia única». Na súa virtude, unha «empresa de servizos de investimento», ó amparo da autorización concedida polo Estado da súa sede social, pode prestar servizos de investimento e actividades complementarias no resto da Unión, tanto establecéndose noutros Estados mediante sucursal como ofrecendo neles os seus servizos.

A existencia dunha única licenza fundaméntase na amortización das condicións de autorización e de exercicio da actividade, requisitos que se encomendan ó control do Estado de orixe das empresas (principio do «home country»). Non obstante, as normas de conduta a que as empresas deberán suxeita-las súas operacións seguen a ser responsabilidade do Estado en que se desenvolven (principio do «host country»).

Expresións do sinalado son: dunha parte, o dereito de toda empresa de servizos de investimento a acceder a calquera mercado en condición de membro e, en segundo lugar, a posibilidade igualmente de acceso ou adhesión ós sistemas de compensación e liquidación.

Canto ás regras sobre o funcionamento dos mercados, a Directiva de servizos de investimento parte dunha clasificación dos mercados que distingue entre regulados e non regulados. A diferenciación aséntase en que un mercado regulado, alén de gozar da dita condición por un recoñecemento expreso do Estado membro, ten tal carácter por cumprir uns requisitos de organización, funcionamento, admisión de instrumentos financeiros a negociación, publicidade e transparencia que determinan unha estrutura asentada nas regras de mínimos que se prevén no acervo comunitario.

Finalmente, do contido da Directiva cabe resalta-las obrigas de transparencia e as de información.

As primeiras predícanse dos mercados, en tanto información sobre as operacións que teñen lugar no seu seo e que os investidores precisan coñecer como peza clave da protección que se lles debe dispensar. Canto ás obrigas de información («reporting»), estatúense para garantir os labores de supervisión sobre os suxeitos que operan nos mercados.

Non se alcanzaría unha descrición completa da reforma se non se fixese mención a que nos seus obxectivos se incorporaron tódalas decisións regulatorias que permitan ós nosos mercados competir dunha maneira máis eficiente ante o novo e transcendental reto que representa a Unión Económica e Monetaria a partir do próximo 1 de xaneiro de 1999.

Así mesmo, convén destacar que a presente disposición dá resposta ó pronunciamento do Tribunal Constitucional respecto da Lei 24/1988, incorporando os cambios necesarios no texto legal para axustarse ó réxime de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas, conforme a sentenza do 16 de xullo de 1997.

Pasando xa ó texto da Lei de reforma, o artigo inicial introduce algúns cambios no título I da Lei 24/1988. En primeiro lugar, como consecuencia do elenco de instrumentos financeiros comprendidos no novo ámbito da ordenación dos mercados, que superan a categoría dos valores negociables, esténdese a aqueles a disciplina aplicable ós últimos para, deste xeito, integra-las novas realidades financeiras (v. gr. «swaps», «fras», opcións, futuros, etc.) que teñen presenza nos nosos mercados.

Outro aspecto que se debe destacar do primeiro precepto é a ruptura do monopolio do mantemento do rexistro de valores negociables en anotacións en conta non negociados en mercados secundarios oficiais, que ata o momento tiñan as sociedades e axencias de valores.

No artigo segundo inclúense dúas novidades no que se refire ó réxime do Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Así, dunha parte, actualízase a súa composición, dando entrada a representantes de tódolos mercados secundarios oficiais. Da outra, acomódanse as súas competencias ás novas previsións do texto legal en materia de suxeitos e de mercados.

No artigo terceiro flexibilízase o réxime de requisitos esixibles nas emisións de valores similares a outros xa negociados nun mercado secundario, co fin de evitar custos innecesarios ás emisións, especialmente cando xa existe unha suficiente información nos mercados do emisor dos valores, ou nos casos en que os destinatarios dos valores sexan investidores institucionais ou profesionais. A lei tamén regula o procedemento de aprobación da participación de sociedades que administren mercados secundarios españois noutras sociedades que xestionen mercados secundarios fóra de España, así como a participación en mercados españois destas últimas.

O artigo cuarto introduce importantes novidades no concernente á regulación dos mercados secundarios oficiais de valores.

Á vez que se incorporan ó ordenamento interno as disposicións da Directiva de servizos de investimento na materia, albégase no seo do título IV da Lei 24/1988 a regulación de mercados, como é o caso dos de derivados, non desenvolvidos no ano 1988 no noso sistema financeiro.

En segundo termo, e en consonancia coa distinción que preconiza a Directiva de servizos de investimento entre mercados regulados e non regulados, clave para o deseño da operativa do mercado financeiro único de valores, predícase o carácter de regulados dos mercados secundarios oficiais que hoxe coñecemos no noso sistema, suprimíndose a distinción, tal e como foi intro-

ducida no ano 1990, entre mercados organizados oficiais e non oficiais, para recolle-lo único mercado organizado non oficial que se autorizou ata o momento presente.

Ó anterior cabe engadir, consonte o pronunciamento do Tribunal Constitucional, a distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas, atendendo ó criterio diferenciador entre mercados de ámbito estatal e autonómico.

Neste campo, ante a necesidade de facer fronte á interrelación de mercados no contexto económico internacional, ofrécese unha resposta permitindo as relacións de carácter recíproco entre os mercados nacionais e exteriores.

Aproveitouse, igualmente, a reforma para introducir algunhas modificacións en materia de admisión e exclusión de valores á negociación. En particular, acábbase coa cuestionable equiparación de requisitos da emisión coa admisión, que xeraba efectos non desexables cando mediaba un breve espazo de tempo entre ámbolos momentos, perseguíndose, de igual modo, unha inmediata entrada no mercado dos valores emitidos para que comece, coa maior brevidade posible, a súa negociación. En materia de exclusión, regúlanse os seus presupostos para o caso de incumprimento de obrigas de información ó mercado do emisor dos valores negociados. Así mesmo, en ámbolos supostos recoñécense as competencias autonómicas na materia.

Mención especial merece a clasificación que se introduce nas operacións de mercado, consecuentemente cos principios de orde desconcentrador que orientan a regulación da materia na Directiva de servizos de investimento. O resultado foi a distinción básica entre operacións de mercado e as que non gozan de tal condición.

As operacións de mercado caracterízanse por resultaren de transmisións a título de compravenda ou outros negocios onerosos propios do mercado. Pola súa vez, distínguese nelas entre operacións ordinarias e extraordinarias. As primeiras son as que se someten ás regras básicas de funcionamento dos mercados (en especial, a intervención de membros e a canalización da operación a través dos sistemas ordinarios de contratación). As operacións extraordinarias son as que non se someten a todas ou algunha de tales regras básicas e só poden realizarse en tres casos: cando o comprador e o vendedor residan habitualmente ou estean establecidos fóra do territorio nacional, cando a operación non se realice en España e cando o comprador e o vendedor o autoricen expresamente.

No ámbito das operacións de mercado considerouse procedente concreta-la regulación de certo tipo de préstamos sobre valores negociados en mercados secundarios para que, á vez que se intensifica a profundidade e eficiencia dos mercados, se establece o marco regulador para dispo-lo correspondente réxime tributario que fomenta o desenvolvemento deles.

En todo caso, e con independencia de que sexan ou non operación de mercado, estatúese para as empresas de servizos de investimento a obriga de comunicaren todo tipo de operacións ós órganos retores dos mercados, co obxecto de garanti-lo seu bo funcionamento e a protección dos investidores.

Outro aspecto fundamental da reforma, e que viña obrigado pola Directiva de servizos de investimento, é o recoñecemento do acceso ós mercados secundarios oficiais en calidade de membros, con aptitude para operar, tanto das empresas de servizos de investimento españolas como das autorizadas noutros países da Unión Europea. É a traducción do pasaporte comunitario na materia e que se reflicte no capítulo IV do título V. Entre outras consecuencias, traerá consigo no campo bursátil o acceso directo das entidades de crédito. Non obstante, e conforme a dicción da Directiva de servizos de inves-

timento para o caso especial español, non se aplicará ata o 1 de xaneiro do ano 2000.

Xa entrando na específica regulación de cada un dos mercados pódese destacar que no bursátil a execución de operacións nas bolsas de valores e no sistema de interconexión bursátil se suxeita á ordenación actual, de forma tal que o libre acceso que prevé a Directiva se logra mediante a adquisición da condición de membro dalgunha das sociedades rectoras das bolsas de valores. Por este motivo variáronse algunhas cuestións no concernente ás regras para acceder ó capital social daquelas.

En materia de mercado de débeda pública en anotacións en conta, introducíronse novidades verdadeiramente importantes. En primeiro lugar, posibilitábase a negociación paralela dos valores da central en calquera outro mercado secundario oficial, favorecéndose un maior ámbito de negociación e de interrelación entre mercados.

En segundo lugar, a norma fundamental de ordenación do mercado pasa a se-lo denominado «regulamento de mercado». Así mesmo, a xa existente Comisión Aseora de Mercado integra na súa composición representantes dos membros do mercado e de Comunidades Autónomas.

O funcionamento do mercado estrutúrase sobre a distinción de dous ámbitos: o de rexistro, compensación e liquidación e o de negociación. Así, desde a perspectiva dos suxeitos ábreanse múltiples categorías en función de cal sexa a vocación de cada suxeito.

Outra das novidades introducidas no título IV que cabe destacar é a relativa a que toma carta de natureza en sede legal a regulación dos mercados de derivados, xa desenvolvidos no noso sistema financeiro.

Por último, neste título aproveitouse a reforma para redefini-lo concepto de oferta pública de venda de valores, de forma tal que se comprenda non só a de valores non cotizados, senón tamén a dos que xa se negocian nun mercado secundario.

O novo título V, recollido no artigo quinto, consonte a equiparación estatutaria entre empresas de servizos de investimento e entidades de crédito, que preconiza a Directiva de servizos de investimento, comprende unha nova regulación das denominadas «empresas de servizos de investimento». Nos termos anteriores, as cualidades que definen aquelas son a súa consideración de entidade financeira e, en segundo lugar, a prestación de servizos de investimento con carácter profesional a terceiros.

En concordancia coa directiva, o «status» de actividade das empresas de servizos de investimento ordénase arredor dos servizos de investimento e as actividades complementarias que se proxectan sobre os instrumentos financeiros, e que, en definitiva, determinan a súa realización con dependencia do pasaporte comunitario.

Conforme a nova ordenación obxectiva e subxectiva do estatuto dos operadores nos mercados financeiros, a lei predica a condición de empresa de servizos de investimento, nun sentido estrito, das sociedades e axencias de valores, así como das sociedades xestoras de carteira, hoxe comprendidas no seo da lexislación de investimento colectivo, e que encontran a súa sede natural na Lei 24/1988.

Para manter incontaminado o marco de actuación reservado ás empresas de servizos de investimentos, a lei introduce un severo réxime de salvagarda da reserva de actuación, facultándose amplamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores como garante do sistema.

Nesta mesma orde de materias, as entidades de crédito resultan equiparadas ás empresas de servizos de investimento canto á súa capacidade para operar nos

mercados, rompendo coas murallas que se estipularon, especialmente para o mercado bursátil, no ano 1988.

Do mesmo xeito, a lei prevé a posibilidade de crear entidades, así como a de facultar outras persoas ou entidades que, sen teren xa o «status» de empresas de servizos de investimento, desenvolvan algunha das actividades destas, se ben con algunhas limitacións.

O capítulo II do novo título V, sobre «condicións de acceso á actividade», completa o réxime de intervención administrativa das empresas de servizos de investimento no concernente á súa autorización, prevéndose a necesaria consulta previa ás autoridades doutro Estado da Unión Europea, no caso de filiais, e recollendo tamén algúns aspectos na materia que se conteñen na Directiva de servizos de investimento (v. gr. programa de actividades, inicio, transparencia da estrutura do grupo, adhesión ó Fondo de Garantía de Investimentos, etc.).

No capítulo III regúlanse separadamente as «Condicións de exercicio» da autorización das empresas de servizos de investimento. Incluíuse tamén o réxime de intervención administrativa das denominadas «participacións cualificadas» de accionistas. Estas quedan sometidas a un control exhaustivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores para garantir unha xestión correcta das empresas de servizos de investimento.

Mención especial requiren as obrigas que se estatúen para as empresas de servizos de investimento en materia de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre as operacións que efectúen (a denominada obriga de «reporting»). Así mesmo, débese destaca-la nova ordenación das limitacións operativas que rompen cun esquema ríxido en canto á prolongación de actividades das empresas de servizos de investimento.

No capítulo IV, e baixo o título de «Actividades transfronteirizas», recóllese en sede legal o réxime do «pasaporte comunitario» das empresas da Unión Europea, e viceversa, das nosas empresas no resto dos Estados da Unión Europea.

Finalmente, o novo título V conclúe cun capítulo V no que, primeiro, se precisa o réxime de operacións societarias dunha empresa de servizos de investimento; segundo, recóllese a revogación da autorización; terceiro, e de gran importancia, prevese a posibilidade de suspender total ou parcialmente as actividades dunha empresa de servizos de investimento, como medida preventiva para casos excepcionais.

No artigo sexto do texto legal dáse nova redacción ó título VI da Lei 24/1988, regulándose un mecanismo novo nos mercados de valores, como é o do «Fondo de Garantía de Investimentos». Como xa se sinalou, con esta regulación trasponse ó ordenamento interno a citada Directiva 97/9/CE, do 3 de marzo de 1997.

A súa normativa responde igualmente a unha esixencia da Directiva de servizos de investimento e, cunha certa similitude cos Fondos de Garantía de Depósitos das entidades de crédito, indemnizan os investidores nos casos de insolvencia ou de situacións concursais das empresas de servizos de investimento que orixinen a indisponibilidade de efectivo ou valores que un investidor tivese confiado a aquelas, sen que iso represente, en ningún caso, que o sistema cubra ningún risco de crédito ou perdas no valor dun investimento en mercado.

No artigo sétimo, en consecuencia coas novidades introducidas no texto da Lei 24/1988, é obrigado redefinir tanto o ámbito da supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores coma o réxime sancionador da lei.

No artigo oitavo introducíronse modificacións das disposicións adicionais da Lei 24/1988, como consecuencia dos cambios que se incorporan ó seu texto orixinal.

Por último, incorporouse un conxunto de disposicións adicionais de contido heteroxéneo.

Así, aprovéitase a ocasión para modificar algúns aspectos da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo. En primeiro lugar, e co obxecto de axiliza-la constitución daquelas, poténcianse as funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores. En segundo termo, engádense novas figuras ó elenco de modalidades institucionais, como son a dos «fondos de fondos», os «fondos principais e subordinados», todos eles como categorías específicas das sociedades e fondos de investimento mobiliario, cualificados por representar, en exclusiva, unha modalidade investidora deles cualificada por investir en valores emitidos por outra institución de investimento colectivo.

Nunha liña parecida hai que inseri-las institucións de investimento colectivo que invisten en valores non cotizados, e os caracterizados por teren como únicos investidores os de corte institucional ou profesional. Estas novas figuras, que tamén son categorías específicas das institucións de corte mobiliario, representan un avance máis na adecuación da oferta e a demanda no ámbito do investimento institucional para canalizar dun modo máis eficiente o aforro cara ó investimento productivo.

En terceiro lugar, perfílanse máis claramente as regras sobre investimentos das institucións de investimento colectivo en instrumentos derivados.

No concernente ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, dunha parte, establécese como unha das súas facultades a de comercialización dos valores representativos daquelas; da outra, esténdense certas previsións en materia de intervención e supervisión.

Noutra disposición adicional prevese a posibilidade, coa debida seguridade xurídica e transparencia, de titular créditos hipotecarios prexudicados, aínda que coa adecuada supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

En concordancia coas novidades financeiras que se incorporan ó texto, aprovéitase outra disposición adicional para precisa-lo réxime fiscal dos fondos de garantía de investimentos.

Estatúese noutra disposición adicional unha regulación sobre garantías nos mercados de valores, arbitrada mediante peñor de valores representados mediante anotacións en conta, que permitiría un impulso decidido para favorecer-lo funcionamento eficiente deles na cobertura de riscos para operacións de mercado.

Finalmente, non se poden deixar de mencionalas modificacións que se incorporaron no réxime xurídico das sociedades anónimas para favorecer unha mellora no financiamento empresarial especialmente a través dos mercados financeiros.

Ó abeiro desta reforma regúlanse dunha forma máis completa as denominadas accións preferentes e, en particular, unha subcategoría delas como son as accións sen voto. O ánimo do lexislador é o de, tendo en conta as circunstancias prácticas de control societario, permiti-lo financiamento vía mercado coas suficientes garantías para os investidores a través de fórmulas de investimento que permitan o acceso ó capital sen implicación, a través do correspondente dereito de voto, na xestión social. Ora ben, a reforma é consciente das diferencias entre sociedades cotizadas e non cotizadas, sendo máis flexible o réxime predicado para as primeiras, sobre a pauta da maior transparencia que reporta a disciplina dos mercados de valores.

Na liña anterior, tamén se ofrece unha resposta desde os nosos ordenamentos societario e de mercado de valores para emitir no noso país uns valores que representan un xénero intermedio entre a renda variable e a renda fixa, e que teñen especial interese como activos que, á vez que proporcionan un financiamento eficiente,

redundan tamén nun maior reforzamento dos recursos propios da entidade emisora.

Manifestación das ditas pretensións encóntrase na innovadora regulación das denominadas accións rescatables.

Baixo a pauta de diferenciar entre sociedades cotizadas e as que non cotizan, establécese un prazo inferior—a quince días— para o exercicio do dereito de suscripción preferente en sociedades cotizadas. Con este cambio favorécese unha maior celeridade na realización de ampliacións de capital de sociedades cotizadas, sen que isto represente mingua para os dereitos dos antigos accionistas, xa que a información a estes queda sobradamente garantida mediante os mecanismos de transparencia dos mercados.

No plano da exclusión do dereito de suscripción preferente, os cambios introducidos, atendendo tamén á pauta diferenciadora entre sociedades cotizadas e non cotizadas, flexibilizan os requisitos de exclusión co obxecto de potencia-las ampliacións de capital como fonte de financiamento empresarial.

Así mesmo, cabe destaca-la modificación introducida para facilitar unha entrada máis rápida á negociación das accións emitidas con ocasión dunha ampliación de capital en réxime de oferta pública.

Finalmente, débese mencionar que se fixa como compromiso ó Goberno para completa-las reformas sinaladas, co obxecto de estende-los cambios ó ámbito da renda fixa, todo isto mediante unha iniciativa lexislativa que modifique o réxime xurídico da emisión de obrigas.

Débese sinalar que a lei se dicta en aplicación do artigo 149.1.6.^a e 11.^a da Constitución.

Artigo primeiro. *Modificacións do título I da Lei 24/1988.*

Introdúcense as seguintes modificacións no título I da lei:

Un. No artigo 2 engádense dous novos parágrafos —segundo e terceiro, respectivamente— co contido seguinte:

«Tamen quedarán comprendidos dentro do seu ámbito os seguintes instrumentos financeiros:

a) Os contratos de calquera tipo que sexan obxecto de negociación nun mercado secundario, oficial ou non.

b) Os contratos financeiros a prazo, os contratos financeiros de opción e os contratos de permuta financeira, sempre que os seus obxectos sexan valores negociables, índices, divisas, tipos de xuro ou calquera outro tipo de subxacentes de natureza financeira, con independencia da forma en que se liquiden e aínda que non sexan obxecto de negociación nun mercado secundario, oficial ou non.

c) Os contratos ou operacións sobre instrumentos non previstos nas alíneas anteriores, sempre que sexan susceptibles de seren negociados nun mercado secundario, oficial ou non, e aínda que o seu subxacente sexa non financeiro, comprendendo para tal efecto, entre outros, as mercadorías, as materias primas e calquera outro ben funxible.

Os instrumentos financeiros seranlles de aplicación, coas adaptacións precisas, as regras previstas nesta lei para os valores negociables.»

Dous. Modifícase o último parágrafo do artigo 6 e engádense un novo:

«No caso das emisións de débeda do Estado e das comunidades autónomas, así como naqueles

outros supostos en que se achar establecido, a publicación das características da emisión no “Boletín Oficial” correspondente substituirá a escritura pública prevista nos parágrafos anteriores.

Tampouco será precisa a escritura pública a que se refire este artigo para os instrumentos financeiros que se negocien en mercados secundarios oficiais de futuros e opcións, e nos demais supostos que o Goberno estableza, nas condicións que se sinalen regulamentariamente.»

Tres. No artigo 7 dáselles nova redacción ós parágrafos segundo, cuarto e quinto e engádense ó final un parágrafo novo:

Parágrafo segundo:

«Cando se trate de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais, a dita entidade será libremente designada pola emisora entre as empresas de servizos de investimento e entidades de crédito autorizadas para realiza-la actividade prevista na alínea a) do número 2 do artigo 63. A designación deberá ser inscrita no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores previsto no artigo 92 desta lei, como requisito previo ó comezo do mantemento do rexistro contable. O Servizo de Compensación e Liquidación de Valores tamén poderá asumir esta función cando así o autorice o Ministro de Economía e Facenda por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de audiencia do emisor e do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores, segundo os requisitos que, se é o caso, se establezan regulamentariamente.»

Parágrafo cuarto:

«Cando se trata de valores admitidos a negociación no Mercado de Débeda Pública en Anotacións, o mantemento do rexistro corresponderalle ó organismo ou entidade, incluído o Servizo de Compensación e Liquidación de Valores, que regulamentariamente se determine.»

Parágrafo quinto:

«O Goberno establecerá, en relación coas distintas entidades ás que se lles encomenda leva-los rexistros contables e os distintos tipos de valores, as normas de organización e funcionamento dos rexistros correspondentes, as fianzas e demais requisitos que lles sexan esixibles, os sistemas de identificación e control dos valores representados mediante anotacións en conta, así como as relacións daquelas entidades cos emisores e a súa intervención na administración de valores. A citada regulación corresponderá ás comunidades autónomas competentes cando fagan uso da facultade prevista no parágrafo segundo do artigo 54 e en relación cos servizos alí determinados.»

Último parágrafo:

«O sinalado no presente artigo respecto do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores será aplicable ós servizos similares creados polas sociedades rectoras das bolsas, ó abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 54, cando así llelo autorice a Comunidade Autónoma correspondente, logo de audiencia do emisor e do propio servizo.»

Artigo segundo. *Modificacións do título II da Lei 24/1988.*

Introdúcense as seguintes modificacións no título II da lei:

Un. Engádese un parágrafo novo ó final do artigo 13:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores elevará anualmente á Comisión de Economía, Comercio e Facenda do Congreso dos Deputados un informe sobre o desenvolvemento das súas actividades e sobre a situación dos mercados financeiros organizados. O presidente da Comisión comparecerá ante a citada Comisión do Congreso para dar conta de tal informe, así como cantas veces sexa requirido para isto.»

Dous. Dáselle a seguinte redacción ó artigo 16:

«As disposicións e resolucións que dicte a Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das potestades administrativas que se lle confiren nesta lei porán fin á vía administrativa e serán impugnables na vía contencioso-administrativa. Exceptúanse desta regra:

- a) As resolucións que dicte en materia sancionadora, que terán o réxime previsto no artigo 97.
- b) As resolucións que dicte en materia de intervención e substitución de administradores, que terán o réxime previsto no artigo 107.»

Tres. Dáselle redacción nova ó artigo 22, nos termos seguintes:

«O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores é o órgano de asesoramento do seu Consello. O dito comité será presidido polo vicepresidente da Comisión, que non disporá de voto en relación cos seus informes; o número dos seus conselleiros e a forma da súa designación serán os que se determinen regulamentariamente. Os conselleiros serán designados en representación dos membros de tódolos mercados secundarios oficiais, dos emisores e dos investidores, máis outro representante designado por cada unha das comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores no territorio das cales exista un mercado secundario oficial.»

Catro. O artigo 23 quedará redactado como segue:

«O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores informará sobre cantas cuestións lle sexan presentadas polo Consello.

O seu informe será preceptivo en relación con:

- a) As disposicións da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que fai referencia o artigo 15 desta lei.
- b) As actuacións da Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación coa fianza colectiva prevista no artigo 54 desta lei, nos casos en que así se estableza regulamentariamente.
- c) A imposición de sancións por infraccións moi graves, en virtude do disposto no título VIII desta lei.
- d) A autorización, a revogación e as operacións societarias das empresas de servizos de investimento e das restantes persoas ou entidades que actúen ó abeiro do artigo 65.2, cando así se estableza regulamentariamente, atendendo á súa transcendencia económica e xurídica.

e) A autorización e revogación das sucursais de empresas de servizos de investimento de países non membros da Unión Europea, e os restantes suxeitos do Mercado de Valores, cando así se estableza regulamentariamente, tendo en conta a relevancia económica e xurídica de tales suxeitos.

Sen prexuízo do seu carácter de órgano consultivo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Comité Consultivo emitirá informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral sobre materias directamente relacionadas co mercado de valores que lle sexan remitidos polo Goberno ou polo Ministerio de Economía e Facenda co obxecto de facer efectivo o principio de audiencia dos sectores afectados no procedemento de elaboración de disposicións administrativas.»

Cinco. Introdúcese un novo artigo 26 bis, coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo das actividades reservadas ás entidades de crédito, conforme o disposto no artigo 28 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, ningunha persoa ou entidade poderá apelar ou captar aforro do público en territorio español sen se someter a este título ou á normativa sobre investimento colectivo ou a calquera outra lexislación especial que faculte para desenvolve-la actividade antes citada.»

Artigo terceiro. *Modificacións do título III da Lei 24/1988.*

Introdúcense as seguintes modificacións no título III da lei:

O parágrafo segundo do artigo 30 pasa a te-la seguinte redacción:

«Sen prexuízo do que se prevé no parágrafo anterior, o Goberno poderá exceptuar total ou parcialmente do cumprimento dos requisitos mencionados nos artigos 26, 27, 28 e 29 anteriores determinadas categorías de emisións, en función da natureza do emisor, da pequena contía da emisión, do número restrinxido ou das especiais características dos investidores a que esta vaia dirixida ou doutras circunstancias que fagan aconsellable establecer excepcións, salvo naqueles supostos en que, se for o caso, se estableza o contrario regulamentariamente. O Goberno non poderá establecer un alcance ou contido das auditorías previstas na alínea c) do artigo 26 e no artigo 27 menor do establecido polas normas reguladoras das auditorías de contas.»

Artigo cuarto. *Modificacións do título IV da Lei 24/1988.*

Introdúcense as seguintes modificacións no título IV da lei:

Un. O artigo 31 quedará redactado da seguinte forma:

«1. Son mercados secundarios oficiais de valores aqueles que funcionen regularmente, conforme o previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento e, en especial, no referente ás condicións de acceso, admisión a negociación, procedementos operativos, información e publicidade.

2. Consideraranse mercados secundarios oficiais de valores os seguintes:

- a) As bolsas de valores.
- b) O mercado de débeda pública representada mediante anotacións en conta xestionado pola Central de Anotacións.
- c) Os mercados de futuros e opcións, calquera que sexa o tipo de activo subxacente, financeiro ou non financeiro.
- d) Calquera outro, de ámbito estatal, que, cumprindo os requisitos previstos no número 1, se autorice no marco das previsións desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, así como aqueles de ámbito autonómico que autoricen as comunidades autónomas con competencia na materia.

3. Nos termos previstos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, nos mercados secundarios oficiais poderanse negociar valores e outros instrumentos financeiros que polas súas características sexan aptos para isto.

4. Sen prexuízo do que poidan establecer as leis especiais, a creación de calquera mercado ou sistema organizado de negociación de valores ou outros instrumentos financeiros que non teña a consideración de mercado oficial deberá ser autorizada, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, polo Goberno, ou, no caso de mercados de ámbito autonómico, pola Comunidade Autónoma correspondente con competencias na materia.

5. A participación de sociedades que administren mercados secundarios españois noutras sociedades que xestionen mercados secundarios fóra de España, e a participación en mercados españois de sociedades que xestionen mercados secundarios fóra de España requirirá a aprobación do Goberno logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A aprobación poderá ir acompañada de medidas que incentiven ou faciliten esta participación.

Regulamentariamente poderanse establecer condicións e requisitos ás participacións previstas no parágrafo anterior.»

Dous. O artigo 32 quedará redactado así:

«1. A admisión de valores a negociación nos mercados secundarios oficiais requirirá a verificación previa pola Comisión Nacional do Mercado de Valores do cumprimento dos requisitos e do procedemento que se establezan regulamentariamente. No caso dos valores negociables nas bolsas de valores, a verificación será única e válida para todas elas. A admisión a negociación en cada un dos mercados secundarios oficiais requirirá, ademais, o acordo do organismo rector do correspondente mercado, por solicitude do emisor, quen o poderá solicitar, baixo a súa responsabilidade, unha vez emitidos os valores ou constituídas as correspondentes anotacións.

2. Reglamentariamente determinaranse os requisitos e o procedemento para a admisión de valores a negociación nos mercados secundarios oficiais de valores, así como a publicidade que teña de darse ós acordos de admisión. Os requisitos poderanse establecer de forma diferenciada para as distintas categorías de valores ou mercados. Do mesmo xeito determinaranse os requisitos e o procedemento de permanencia dos valores en caso de escisión de sociedades.

3. Non obstante o disposto no número 1 anterior, os valores emitidos polo Estado e polo Instituto de Crédito Oficial considéranse admitidos de oficio a negociación no mercado de débeda pública en anotacións ou, se for o caso, nos demais mercados secundarios oficiais conforme o que se determine na emisión. Os valores emitidos polas comunidades autónomas entenderanse admitidos a negociación en virtude da mera solicitude do emisor. En tódolos supostos anteriores deberanse, non obstante, axustar ás especificacións técnicas do mercado en cuestión, conforme o disposto no número anterior.

4. As competencias determinadas nos números anteriores corresponderán ás comunidades autónomas con competencias na materia, respecto dos valores negociados exclusivamente en mercados de ámbito autonómico e logo de cumprilos requisitos específicos esixidos nos ditos mercados.»

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 34 queda modificado da seguinte maneira:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá proceder á exclusión da negociación daqueles valores que non alcancen os requisitos de difusión, frecuencia ou volume de contratación que se establezan regulamentariamente, e daqueles outros o emisor dos cales non cumpra as obrigas que lle resultasen aplicables, en especial en materia de remisión e publicación de información. Esta exclusión será acordada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores por iniciativa propia ou por proposta dos organismos rectores dos correspondentes mercados secundarios oficiais. Tales acordos adoptaranse, en todo caso, logo de audiencia do interesado, sen prexuízo das medidas cautelares que se poidan adoptar.»

Catro. O segundo parágrafo do artigo 35 pasa a te-la seguinte redacción:

«As ditas entidades deberán facer público con carácter trimestral un avance dos seus resultados e outras informacións relevantes. En todo caso, con carácter semestral, farán públicos os seus estados financeiros complementarios, cun detalle similar ó requirido para os seus estados anuais. O contido das informacións trimestrais e semestrais ás que se refire este artigo será determinado polo Ministerio de Economía e Facenda. Así mesmo, o Ministerio de Economía e Facenda poderá adaptala obriga anterior para certas categorías de valores ou mercados.»

Cinco. O artigo 36 quedará redactado da seguinte maneira:

«1. Terán a consideración de operacións dun mercado secundario oficial de valores as transmisións por título de compravenda, ou outros negocios onerosos característicos de cada mercado, cando se realicen sobre valores negociables ou instrumentos financeiros admitidos a negociación nel.

2. As operacións de mercado a que se refire o número anterior poderán ser ordinarias e extraordinarias.

Terán a consideración de operacións ordinarias as realizadas con suxeición ás regras de funcionamento do mercado secundario oficial de que se trate.

Consideraranse operacións extraordinarias as non suxeitas a todas ou a algunha das regras de funcionamento do mercado secundario oficial.

3. En calquera dos seguintes casos poderanse realizar operacións extraordinarias:

a) Cando o comprador e o vendedor residan habitualmente ou estean establecidos fóra do territorio nacional.

b) Cando a operación non se realice en España. Determinaranse regulamentariamente os requisitos que se deben dar nunha operación para entender que se realiza fóra de España.

c) Cando tanto o comprador coma o vendedor autoricen previamente a unha empresa de servizos de investimento ou a unha entidade de crédito, expresamente e por escrito, que a correspondente operación se realice sen suxeición ás regras de funcionamento do mercado. Regulamentariamente determinarase o contido e os requisitos da referida autorización, para o cal se terán en conta, entre outros aspectos, a natureza do investidor, a contía da operación e as condicións de prezo que deberán ser, salvo mandado en contrario, as que garantan que se obteña o mellor prezo na operación.

4. A realización de operacións extraordinarias deberá ser comunicada ós organismos rectores do correspondente mercado, na forma que se determine regulamentariamente. No caso previsto na alínea c) do número 3 anterior, mentres non teña lugar a dita comunicación, o adquirente non poderá negociar os correspondentes valores ou instrumentos financeiros nin exercer os dereitos que estes comprendan.

Tamén se lles deberán notificar ós organismos rectores do correspondente mercado, na forma que se estableza regulamentariamente, as transmisións por título de compravenda daqueles valores a negociacións dos cales nun mercado secundario oficial fose suspendida de conformidade co previsto no artigo 33 desta lei. En canto non teñan lugar as ditas comunicacións, o adquirente non poderá negociar os correspondentes valores, nin exercer os dereitos que estes comprendan.

5. As transmisións a título oneroso diferentes ás previstas no número 1 anterior e as transmisións a título lucrativo de valores ou instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado secundario oficial non terán a consideración de operacións deste. Non obstante, deberán notificarse ós organismos rectores do correspondente mercado, na forma que se determine regulamentariamente. En canto non teñan lugar as ditas comunicacións, o adquirente non poderá negociar os correspondentes valores nin exercer os dereitos que comprendan.

6. Os organismos rectores dos correspondentes mercados ós que lles sexan realizadas as comunicacións ou notificacións a que se refiren os números anteriores darán conta disto á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma e nos casos que se establezan regulamentariamente.

7. Sen prexuízo doutras modalidades de préstamo, o préstamo de valores negociados nun mercado secundario que teña como finalidade a disposición deles para o seu alleamento posterior, para seren obxecto de préstamo ou para serviren como garantía nunha operación financeira quedará sometido ás prescricións seguintes:

a) Unicamente serán aptos para seren obxecto do préstamo os valores que pola súa frecuencia de negociación e liquidez ou pola súa aptitude para serviren de garantía en operacións de política

monetaria sexan designados polo organismo rector do mercado en cuestión.

Tamén poderán ser obxecto do préstamo a que se refire este punto os valores idénticos ós do emisor que sexan obxecto de oferta pública de venda ou subscripción de valores e quede constancia da operación no folleto informativo.

b) Os valores entregados en préstamo deberán pertencer ó prestamista e acharse en poder deste en virtude de operacións xa liquidadas na data da perfección do contrato. Para tal efecto, ben o prestamista, ben o prestatario, deberá ser unha entidade adherida ou membro do organismo correspondente de compensación e liquidación do mercado onde se negocia o valor.

c) Os valores prestados e os que se entreguen ó vencemento da operación deberán estar libres de toda carga ou gravame, carecendo da dita condición aqueles valores con dereitos políticos ou económicos sometidos a algunha clase de limitación, restricción ou suspensión.

d) A operación de préstamo será rexistrada ou anotada na correspondente conta de valores da entidade encargada da administración ou depósitos dos valores e comunicada tanto ó organismo rector do mercado como ó sistema de compensación e liquidación.

e) O prestamista, salvo pacto en contrario, recibirá os froitos derivados dos dereitos económicos inherentes ós ditos valores, incluídas as primas de asistencia a xuntas xerais de accionistas que se produzan durante o préstamo. Do mesmo xeito corresponderanlle os dereitos de asignación gratuita e de subscripción preferente de novas accións que nazan durante a vida do préstamo.

f) O prazo de vencemento do préstamo non poderá ser superior a un ano.

g) O prestatario deberá asegurarse a devolución do préstamo mediante a constitución de garantías que determine, se for o caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores. A estas garantías aplícase-lle o réxime de peñores de valores previsto nesta lei. A regra de esixencia de garantías non se lles aplicará ós préstamos de valores resultantes de operacións de política monetaria, nin ós que se fagan con ocasión dunha oferta pública de venda de valores.

O ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán:

a) Fixar límites ó volume de operacións de préstamo ou ás condicións destes, atendendo a circunstancias do mercado.

b) Establecer obrigas específicas de información sobre as operacións.»

Seis. Dáselle a seguinte nova redacción ó artigo 37:

«1. Poderán ser membros dos mercados secundarios oficiais de valores, con suxeición ós requisitos previstos nesta lei ou os que se fixen regulamentariamente para cada tipo de mercado, as seguintes entidades:

a) As sociedades e axencias de valores.

b) As entidades de crédito españolas.

c) As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, sempre que, ademais de cumpriren os requisitos previstos no título V para operar en España, na autorización dada polas autoridades do seu país de orixe sexan facultadas

para prestaren os servizos de investimento previstos nas alíneas b) ou c) do número 1 do artigo 63.

d) As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, sempre que, ademais de cumpriren os requisitos previstos no título V desta lei para operar en España, na autorización dada polas autoridades do seu país de orixe sexan facultados para prestaren os servizos de investimento previstos nas alíneas b) ou c) do número 1 do artigo 63. O ministro de Economía e Facenda poderá denegar ou condicionalo acceso destas entidades ós mercados españois por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe, ou por non quedar asegurado o cumprimento das regras de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois.

e) Aqueloutros que determinen as comunidades autónomas con competencias na materia e respecto dos mercados secundarios oficiais situados no seu ámbito territorial, e se axusten ó disposto no título V.

O anterior enténdese sen prexuízo das especialidades propias do mercado en materia de membros, conforme o previsto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

2. As entidades mencionadas na alínea c) do número 1 poderán ser membros dos mercados secundarios oficiais, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para cada un deles. En particular, cando para operar nun mercado secundario oficial non se esixa como requisito a presenza física, poderán ser membros deses mercados sen necesidade de apertura dunha sucursal.

3. A adquisición da condición de membro dun mercado secundario oficial requirirá un acto expreso de admisión por parte dos organismos rectores de cada mercado. Abondará, para tal efecto, que se acredite previamente ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores a capacidade, así como o compromiso de cumprilas regras de organización e funcionamento deste, incluídas as relativas á compensación e liquidación das operacións efectuadas nel. Polo que concirne ó Mercado de Débeda Pública en Anotacións, a adquisición da condición de membro axustarase ó previsto nos artigos 55 a 58 desta lei.

A acreditación a que se refire o parágrafo anterior corresponderá ás comunidades autónomas con competencia na materia, respecto dos mercados secundarios oficiais de ámbito autonómico.

4. Sen prexuízo do deber xenérico de información previsto no artigo 70, os membros dos mercados secundarios oficiais deberán informalos seus organismos rectores das operacións en que interveñan. Regulamentariamente determinaranse, atendendo ás peculiaridades dos mercados e valores negociados neles, así como á especificidade dos seus membros, a forma e o prazo en que se comunicarán a identidade e o número de valores transmitidos, o momento e o prazo da operación, a identidade das empresas de servizos de investimento ou entidades de crédito intervinientes, e os demais datos que se consideren precisos para a adecuada identificación da operación.

Os membros dos mercados secundarios oficiais de ámbito autonómico tamén informarán as comunidades autónomas respectivas con competencias na materia das operacións que realicen en tales mercados, nos supostos en que aquelas determinen.»

Sete. O artigo 43 quedará redactado como segue:

«Co fin de procura-la transparencia do mercado, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España ou os organismos rectores dos mercados determinarán, dentro dos límites que se establezan regulamentariamente, a información de carácter público que será obrigatorio difundir das operacións de mercado. En particular, establecerase o contido da información relativa ás operacións referida principalmente ós prezos e ós volumes negociados; á forma de publicidade e prazo exacto en que se deba proporcionar-la dita información; así como dos medios polos que se porá ó dispor do público. O regularse a dita obriga de información atenderase ó tipo de operación, á natureza, á dimensión e ás necesidades do mercado en cuestión, así como ás dos investidores que nel operan.

O Goberno determinará en qué casos e en qué condicións se deberán facer públicas as transmisións previstas no número 5 do artigo 36.

Sen prexuízo da información de carácter público prevista nos parágrafos anteriores, as comunidades autónomas con competencias na materia e respecto de operacións realizadas no seu ámbito territorial poderán establecer calquera outro deber de información.»

Oito. Engádese un parágrafo, ó final do artigo 44 da Lei 24/1988, co texto seguinte:

«As previsións contidas nos parágrafos anteriores resultarán tamén de aplicación ós mercados secundarios non oficiais.»

Novo. O artigo 45 quedará redactado da seguinte forma:

«A creación de bolsas de valores corresponderá ó Goberno, salvo no caso de se tratar de bolsas de valores situadas no territorio de comunidades autónomas con competencia recoñecida para isto nos seus estatutos de autonomía. Neste caso, a creación de bolsas de valores corresponderá ás ditas comunidades autónomas.»

Dez. O artigo 46 quedará redactado así:

«As bolsas de valores terán por obxecto a negociación daquelas categorías de valores negociables e outros instrumentos financeiros, dos previstos no artigo 63, número 4, que polas súas características sexan aptas para isto e que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Non poderán ser negociados en ningún mercado secundario oficial distinto das bolsas de valores:

a) As accións e os valores convertibles nelas ou que outorguen dereito á súa adquisición ou subscripción. A admisión a negociación dos ditos valores deberase referir, coas excepcións ou limitacións que o Goberno estableza, á totalidade dos emitidos.

b) Aqueloutros valores para os que así o determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Poderanse negociar nas bolsas de valores, nos termos que se fixen regulamentariamente, valores admitidos a negociación noutro mercado secundario oficial. Tamén, nos termos que se fixen regulamentariamente, se poderán negociar noutros

mercados secundarios oficiais os valores de renda fixa que, distintos dos sinalados na alínea a) precedente, se negocien nunha bolsa de valores.

En ámbolos casos deberase prever, se é o caso, a necesaria coordinación entre os servicios de liquidación respectivos.»

Once. O artigo 47 terá a redacción seguinte:

«Poderán adquiri-la condición de membros das bolsas de valores as entidades que cumpran o previsto no artigo 37 e, ademais, participen no capital das sociedades ás que se refire o artigo seguinte.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ó artigo 48, nos seguintes termos:

«1. As bolsas de valores estarán rexidas e administradas por unha sociedade anónima, que será responsable da súa organización e funcionamento internos, e será titular dos medios necesarios para isto, sendo este o seu obxecto principal. Estas sociedades poderán desenvolver igualmente outras actividades complementarias relacionadas coas bolsas de valores. As accións das ditas sociedades serán nominativas. Tales sociedades terán como únicos accionistas a tódolos membros das correspondentes bolsas e deberán contar necesariamente cun consello de administración composto por non menos de cinco persoas e con, polo menos, un director xeral. Estas sociedades non terán a condición legal de membros das correspondentes bolsas de valores e non poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas no artigo 63.

As citadas sociedades exercerán as funcións que lles atribúe a presente lei e as demais que determinen o Goberno, o ministro de Economía e Facenda ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das que lle poidan outorga-las comunidades autónomas que teñan atribuídas nos seus estatutos de autonomía competencias na materia. As bolsas de valores poderán esixir retribución polos servicios que presten.

O capital das sociedades a que se refire este artigo distribuirase entre os membros das bolsas de valores, clasificándose para estes efectos en dous grupos, segundo poidan operar ou non por conta propia. Dentro de cada grupo, ós seus integrantes corresponderá-lle mesmo número de accións. Co fin de facer efectivo o dereito á incorporación de quen manifestase a intención de adquiri-la condición de membro ou o cesamento de quen teña esa condición, procederáse a adaptar as participacións no capital de cada un dos membros da bolsa de valores, na forma que se estableza regulamentariamente.

Co obxecto de posibilita-las citadas adaptacións, as sociedades consideradas neste artigo procederán a ampliar ou reducir capital na medida necesaria, salvo que se opte por facelas efectivas mediante a compra ou venda pola sociedade das súas propias accións. Para os alleamentos, ampliacións ou reducións de capital a que se refire este parágrafo abundará co acordo do Consello de Administración, non sendo de aplicación a elas o disposto nos artigos 75 a 79, 158, 164 a 166 da Lei de sociedades anónimas. Nos casos de redución de capital e de compra de accións pertencentes a membros, os accionistas ós que lles sexan restituídas as súas achegas ou donados os seus dividendos pasivos responderán, ata o importe destes e durante os tres anos seguintes,

das débedas contraídas pola sociedade con anterioridade á redución ou compra.

O prezo das accións, en tódolos casos previstos nos dous parágrafos anteriores, determinarase e revisarase periodicamente na forma que se estableza regulamentariamente. Esta regulación deberá ter en conta as especiais regras contables que sexan de aplicación ás sociedades rectoras e respectar, en todo caso, os principios de libre acceso ás bolsas de valores e de non-discriminación entre os seus membros.

As restantes ampliacións ou reducións de capital estarán suxeitas ó réxime xeral da Lei de sociedades anónimas, coa excepción de que as accións que se emitan só poderán ser subscritas polos accionistas.

Os estatutos das citadas sociedades e as súas modificacións requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, se for o caso, da correspondente comunidade autónoma con competencia na materia, respecto das bolsas de valores de ámbito autonómico. O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral esixirá a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, se for o caso, da comunidade autónoma.

2. As comunidades autónomas con competencias na materia, e respecto das bolsas de valores de ámbito autonómico, poderán establecer para aquelas a organización que consideren oportuna.»

Trece. Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 54:

1. As alíneas b) e c) do parágrafo primeiro quedan redactadas do seguinte xeito:

«b) Xestionar, en exclusiva, a compensación de valores e efectivo derivada das operacións ordinarias realizadas nas bolsas de valores.

c) As demais que lle encomende o Goberno, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

2. O parágrafo segundo queda redactado como segue:

«O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo de que, respecto dos valores admitidos a negociación nunha única bolsa de valores, as comunidades autónomas con competencia na materia dispoñan a creación pola sociedade rectora daquela dun servicio propio de mantemento do rexistro contable de valores representados por medio de anotacións en conta e de compensación e liquidación, o cal terá as facultades que esta lei atribúe ó Servicio de Compensación e Liquidación de Valores. Non serán aplicables, para este único efecto, as restriccións de obxecto social e de actividade contidas no parágrafo primeiro do artigo 46 e no parágrafo primeiro do artigo 48, sendo de aplicación a estes servicios o disposto nos artigos 7 e 54, salvo as referencias a órganos ou entidades estatais que se entenderán referidas ós correspondentes órganos autonómicos.»

3. Dáselle a seguinte nova redacción ó parágrafo terceiro:

«O Servicio de Compensación e Liquidación de Valores actuará baixo principios de rendibilización dos seus recursos propios e cobertura polos seus usuarios do custo dos servicios prestados. Non poderá realizar ningunha actividade de intermedia-

ción financeira, nin as actividades citadas no artigo 63, salvo a citada na alínea a) do seu número 2, e absterase de asumir riscos cos participantes nos servizos de compensación e liquidación, todo isto coas excepcións estritamente limitadas ó que resulte indispensable para o desenvolvemento das súas funcións, que estableza o Goberno.»

4. O parágrafo cuarto será:

«O Goberno establecerá os criterios para determinar-las entidades financeiras directamente implicadas nos procesos de compensación e liquidación de valores que deban participar no capital do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores e para distribuí-lo capital deste entre aquelas. Entre as ditas entidades poderán figura-las institucións non residentes que desenvolvan no estranxeiro actividades análogas ás do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores, o cal, pola súa vez, poderá tamén participar no capital daquelas. Será de aplicación á incorporación ou cesamento dos accionistas e á adaptación das súas participacións ás variacións que se produzan, o procedemento previsto nos parágrafos terceiro, cuarto, quinto e sexto do artigo 48, coas adaptacións regulamentarias precisas.»

5. O sexto parágrafo quedará:

«O Goberno queda facultado para regular, en todo o non previsto nesta lei, o réxime de funcionamento da dita sociedade, así como os servizos prestados por ela. En particular, establecerá o réxime xurídico das entidades adheridas que actúen como depositarias dos títulos ou que leven as contas individualizadas correspondentes ós valores de quen non teña aquela condición. Se unha entidade adherida deixase de atender, en todo ou en parte, a obriga de pagamento en efectivo derivada da liquidación, o Servizo de Compensación e Liquidación de Valores poderá dispor dos valores non pagos, adoptando as medidas necesarias para os allear a través dun membro do mercado.»

6. O parágrafo sétimo será:

«As entidades adheridas ó Servizo de Compensación e Liquidación de Valores constituirán unha fianza colectiva co obxecto de garantiren entre elas, non fronte ós clientes, o cumprimento das operacións pendentes de liquidación. Regulamentariamente regularanse a achega inicial e as periódicas que deban efectuar-las entidades mencionadas á fianza colectiva, os bens e valores en que se vaian materializa-los fondos achegados, os casos e condicións en que responderá, a obriga de as entidades responsables reporen as cantidades satisfeitas con cargo á dita fianza, a devolución das achegas efectuadas e, en xeral, o seu réxime de funcionamento.»

7. Engádenselle ó artigo os seguintes parágrafos novos:

«En caso de declaración xudicial de quebra ou admisión a trámite da solicitude de suspensión de pagamentos dunha entidade adherida, o Servizo de Compensación e Liquidación de Valores gozará de dereito absoluto de separación respecto dos bens ou dereitos en que se materialicen as garantías constituídas a favor do Servizo polas súas entidades adheridas. Sen prexuízo do anterior, o sobranse que reste despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa patrimonial concursal da entidade en cuestión. As garantías

mencionadas só serán impugnables ó abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 878 do Código de comercio, mediante acción exercida polos síndicos da quebra na que se demostre a existencia de fraude na constitución da garantía.

Declarada xudicialmente a quebra ou admitida a trámite a solicitude de suspensión de pagamentos dunha entidade adherida ó Servizo de Compensación e Liquidación de Valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado dos seus rexistros contables de valores a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade. Do mesmo xeito os titulares de tales valores poderán solicita-lo traslado deles a outra entidade. Se ningunha entidade estivese en condicións de se facer cargo dos rexistros sinalados, esta actividade será asumida polo Servizo de Compensación e Liquidación de Valores, de modo provisorio, ata os titulares solicitaren o traslado do rexistro dos seus valores. Para estes efectos, tanto o xuíz competente como os órganos do procedemento concursal facilitarán o acceso da entidade á que lle vaian traspasa-los valores á documentación e rexistros contables e informáticos precisos para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se lles faga chegar ós titulares dos valores o efectivo procedente do exercicio dos seus dereitos económicos ou da súa venda.»

Catorce. Dáselle nova redacción ó artigo 55 da Lei 24/1988, que queda como segue:

«1. O mercado de débeda pública en anotacións terá por obxecto exclusivo a negociación de valores de renda fixa representados mediante anotacións en conta emitidos polo Estado, polo Instituto de Crédito Oficial e, por solicitude deles, polo Banco Central Europeo, polos bancos centrais nacionais da Unión Europea ou polas comunidades autónomas, así como, sempre que o autorice o Ministerio de Economía e Facenda, por solicitude do emisor, por bancos multilaterais de desenvolvemento dos que España sexa membro, polo Banco Europeo de Investimentos ou por outras entidades públicas, nos supostos que se sinalen regulamentariamente. En todo caso, os valores deberán axustar ás especificacións técnicas que se establezan para tal efecto no Regulamento do mercado.

Os valores admitidos a negociación neste mercado poderanse negociar, nos termos que se fixen regulamentariamente, noutros mercados secundarios oficiais. A dita negociación quedará subordinada ás normas reguladoras do mercado de débeda pública en anotacións.

2. O Banco de España terá a consideración de organismo rector do mercado de débeda pública en anotacións.

3. A Central de Anotacións, que carecerá de personalidade xurídica propia, é un servizo público do Estado que xestionará, por conta do Tesouro, o Banco de España e terá ó seu cargo leva-lo Rexistro Central dos valores negociados neste mercado e organizará a compensación e liquidación das operacións que nel se realicen.

4. O mercado da débeda pública en anotacións rexerá pola presente lei e a súa normativa de desenvolvemento, así como por un regulamento que corresponderá aprobar ó Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O regulamento regulará, conforme a presente lei e o seu desenvolvemento regulamentario, en todo caso, as normas relativas a cotización, contratación, obrigas de información ó Banco de España e publicidade das operacións, incluíndo os dereitos e obrigas dos membros do mercado. Así mesmo, regulará o rexistro, compensación e liquidación das operacións, podendo incluír procedementos para asegura-la entrega de valores e o seu pagamento, así como a esixencia de garantías para os ditos fins. De igual xeito, regulará os dereitos e obrigas dos titulares de conta a nome propio e das entidades xestoras. O regulamento poderá ser desenvolvido, cando así se prevea expresamente, mediante circulares do Banco de España.

5. Funcionará unha Comisión Asesora do Mercado de Débeda Pública en Anotacións integrada, conforme o que se especifique regulamentariamente, por representantes do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e das comunidades autónomas con débeda pública admitida a negociación no mercado, así como, se for o caso, das entidades que participen nel, sexan ou non membros do mercado. A presidencia da Comisión corresponderalle a un representante do Banco de España.

A Comisión Asesora do Mercado de Débeda Pública en Anotacións emitirá informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral sobre materias relacionadas co mercado, salvo nos supostos especiais que se poidan establecer regulamentariamente. A dita comisión poderá propoñer ós organismos que en cada caso sexan competentes a aprobación de medidas ou disposicións que contribúan a un mellor funcionamento do mercado.

6. As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear, regular e organizar un mercado autonómico de débeda pública en anotacións que teña por obxecto exclusivo a negociación de valores de renda fixa emitidos por aquelas e por outras entidades de dereito público dentro do seu ámbito territorial.»

Quince. O artigo 56 quedará redactado así:

«1. Poderán acceder á condición de membros do mercado de débeda pública en anotacións, ademais do Banco de España, as entidades que cumpran os requisitos do artigo 37 da presente lei, así como aquelas outras entidades que se determinen regulamentariamente.

2. Os membros do mercado poderán operar por conta propia ou por conta allea, con representación ou sen ela, conforme o seu estatuto xurídico de actividades.

3. A autorización da condición de membro do mercado de débeda pública, así como a súa revogación, corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A condición de membro, calquera que sexa a súa natureza, poderá ser revogada polas causas enumeradas no artigo 73.»

Dezaseis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 57:

«1. O rexistro dos valores negociados no mercado de débeda pública en anotacións corresponderalle á Central de Anotacións e ás entidades xestoras.

2. A Central de Anotacións levará as contas de valores correspondentes á totalidade dos valores

admitidos á negociación no dito mercado, ben de forma individualizada, no caso das contas a nome propio de titulares de conta, ben de forma global, no caso das contas de clientes das entidades xestoras. Tamén poderán manter conta de valores na Central de Anotacións o Banco Central Europeo, os bancos centrais nacionais da Unión Europea, así como os depositarios centrais de valores con sede nela. De igual modo, a Central de Anotacións poderá manter contas de valores ó seu nome nos citados depositarios centrais de valores.

3. Poderán ser titulares de conta a nome propio na Central de Anotacións, ademais do Banco de España, os organismos compensadores e liquidadores dos mercados secundarios oficiais e os centros de compensación interbancaria co obxecto de xestionar-lo sistema de garantías, así como quen cumpra os requisitos que para o efecto se establezan no Regulamento do mercado. A autorización da condición de titular de conta a nome propio, así como a súa revogación, corresponderá ó ministro de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Dezasete. O artigo 58 quedará:

«1. Poderán ser entidades xestoras, ademais do Banco de España, os membros do mercado que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente.

2. A autorización para obter-la condición de entidade xestora, así como a súa revogación, corresponderá ó ministro de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A condición de entidade xestora poderá ser revogada polas causas enumeradas no artigo 73.

3. As entidades xestoras levarán o rexistro dos valores de quen non sexa titular de conta a nome propio na Central de Anotacións e manterán nesta unha conta global que constituirá en todo momento a contrapartida exacta daqueles.

4. Cando as ditas entidades xestoras teñan a condición adicional de titular de conta a nome propio na Central de Anotacións, estas últimas contas levaranse na dita Central con total separación das contas globais mencionadas no parágrafo anterior.

5. Nos termos que se fixen regulamentariamente, o Banco de España poderá acordar cautelarmente a suspensión ou limitación de actividades dos membros do mercado e das entidades xestoras cando pola súa actuación xeren un perigo ou causen un grave trastorno para o mercado, para os procedementos de compensación e liquidación ou, nos casos de entidades xestoras, á seguridade xurídica dos valores anotados. Estas medidas serán comunicadas polo Banco de España á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ó Ministerio de Economía e Facenda, para que o ministro, se for o caso, proceda á súa ratificación.

6. As facultades que o punto oitavo do artigo 54 outorga ó Servicio de Compensación e Liquidación de Valores corresponderán igualmente ó Banco de España respecto dos bens e dereitos en que se materialicen as garantías que, segundo o Regulamento do mercado, se deban constituir.

7. Declarada xudicialmente a quebra ou admitida a trámite a solicitude de suspensión de pagamentos dunha entidade xestora do mercado de débeda pública en anotacións, o Banco de España poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traspaso dos valores anotados en

contas de terceiros doutras entidades xestoras. Do mesmo xeito, os titulares dos valores poderán solicita-lo traslado destes a outra entidade xestora. Para estes efectos, tanto o xuíz competente coma os órganos do procedemento concursal facilitarán o acceso da entidade xestora destinataria á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso, asegurándose deste modo o exercicio dos dereitos dos titulares dos valores. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se faga chegar ós titulares dos valores o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da súa venda.

8. Suprimido.»

Dezaquito. Dáselle nova denominación ó capítulo IV da Lei 24/1988, que pasa a chamarse «Dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións representados por anotacións en conta», e o artigo 59 queda redactado do seguinte xeito:

«CAPÍTULO IV

Dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións representados por anotacións en conta

Artigo 59.

1. Poderanse crear mercados secundarios oficiais de futuros e opcións, de ámbito estatal, que estean representados mediante anotacións en conta. Corresponderalle ó Goberno, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, autorizar-la dita creación.

A autorización corresponderalle á comunidade autónoma con competencias na materia no caso de mercados de ámbito autonómico.

2. Nestes mercados poderanse negociar contratos de futuros e opcións, calquera que for o activo subxacente. Tamén se poderán negociar, compensar e liquidar, xa sexa levando a cabo todas estas actuacións ou só algunha delas, outros instrumentos financeiros derivados, nas condicións que se determinen regulamentariamente. A sociedade rectora do mercado dará por si mesma ou asegurará por medio doutra entidade, logo de aprobación, neste caso, polo ministro de Economía e Facenda, a contrapartida en tódolos contratos que se negocien.

3. Poderán ser membros destes mercados as entidades que cumpran os requisitos do artigo 37 da lei. No caso de mercados onde se negocien instrumentos financeiros derivados con subxacente non financeiro, regulamentariamente poderase determina-la adquisición da dita condición por outras entidades distintas das sinaladas antes, sempre que reúnan os requisitos de especialidade, profesionalidade e solvencia.

4. Nos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións existirá unha sociedade rectora, con forma de sociedade anónima, que terá como funcións básicas as de organización e supervisión, rexistro dos contratos e, se é o caso, xestión da compensación e liquidación. Estas sociedades non poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas no artigo 63. Emporiso, e co obxecto de xestionar-lo sistema de garantías, poderán ser titulares de contas na Central de Anotacións.

5. Os estatutos sociais da sociedade rectora, así como a súa modificación, requirirán a aproba-

ción previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

6. A sociedade rectora disporá dun consello de administración con, alomenos, cinco membros, e, como mínimo, dun director xeral. O seu nomeamento esixirá a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. Estes mercados, ademais de se rexeren polas normas previstas na presente lei e normativa de desenvolvemento, rexeranse por un regulamento específico, que terá o carácter de norma de ordenación e disciplina do mercado de valores; a súa aprobación axustarase ó procedemento previsto para a creación do mercado e o seu contido íntegro publicarase no «Boletín Oficial del Estado». Nel especificarase as clases de membros, relacións xurídicas cos clientes, normas de supervisión, réxime de garantías, operativa de liquidación, contratos, así como calquera outro aspecto que se precise regulamentariamente. O procedemento de modificación do Regulamento específico de cada mercado será obxecto de desenvolvemento regulamentario.

8. As garantías, calquera que sexa a forma na que estean establecidas, que se constituán en relación coas operacións levadas a cabo nos mercados de futuros e opcións non responderán por obrigas distintas das derivadas das referidas operacións, nin fronte a persoas ou entidades diferentes daquelas en favor das cales se constituíron.

9. As sociedades rectoras dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións gozarán de dereito absoluto de separación respecto ós valores e ó efectivo en que estivesen materializadas as garantías que os membros e clientes constituísen ou aceptasen a favor daquelas en razón das operacións realizadas nos mercados citados, en caso de que tales membros ou clientes se visen sometidos a un procedemento concursal. Sen prexuízo do anterior, o sobranse que reste despois da liquidación das operacións garantidas incorporarse á masa patrimonial concursal do cliente ou membro en cuestión.

En caso de quebra dun membro ou dun cliente dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións, a constitución ou aceptación de valores e efectivo como garantía das operacións de mercado só será impugnabile ó amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 878 do Código de comercio, mediante acción exercida polos síndicos da quebra, na que se demostre a existencia de fraude na constitución ou afectación de valores e efectivo como garantía das operacións de mercado.»

Dezanove. O parágrafo primeiro do artigo 61 quedará redactado da seguinte forma:

«Terá a consideración de oferta pública de venda de valores ou ofrecemento ó público, por conta propia ou de terceiros, de valores negociables que xa estean en circulación. Será de aplicación ás ofertas públicas de venda de valores todo o previsto no título III de lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, respecto das emisións de valores.»

Artigo quinto. *Modificacións ó título V da Lei 24/1988.*

O título V da Lei 24/1988 pasa a se denominar «Empresas de servicios de investimento» e a súa redacción será a seguinte:

«CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 62.

1. As empresas de servicios de investimento son aquelas entidades financeiras que teñan como actividade principal prestarlles servicios de investimento, con carácter profesional, a terceiros.

2. As empresas de servicios de investimento, conforme o seu réxime xurídico específico, realizarán os servicios de investimento e as actividades complementarias previstas no artigo seguinte, e poderán ser membros dos mercados secundarios oficiais se así o solicitan.

Artigo 63.

1. Considéranse servicios de investimento os seguintes:

- a) A recepción e transmisión de ordes por conta de terceiros.
- b) A execución das devanditas ordes por conta de terceiros.
- c) A negociación por conta propia.
- d) A xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento consonte os mandatos conferidos polos investidores.
- e) A mediación, por conta directa ou indirecta do emisor, na colocación das emisións e ofertas públicas de vendas.
- f) O aseguramento da subscripción de emisións e ofertas públicas de venda.

2. Considéranse actividades complementarias as seguintes:

- a) O depósito e administración dos instrumentos previstos no número 4 deste artigo, comprendendo o mantemento do rexistro contable dos valores representados mediante anotacións en conta.
- b) O aluguer de caixas de seguridade.
- c) A concesión de créditos ou préstamos a investidores, para que poidan realizar unha operación sobre un ou máis dos instrumentos previstos no número 4 deste artigo, sempre que na dita operación interveña a empresa que concede o crédito ou préstamo.
- d) O asesoramento a empresas sobre estrutura do capital, estratexia industrial e cuestións afíns, así como o asesoramento e demais servicios en relación con fusións e adquisicións de empresas.
- e) Os servicios relacionados coas operacións de aseguramento.
- f) O asesoramento sobre investimento nun ou varios instrumentos dos previstos no número 4 deste artigo.
- g) A actuación como entidades rexistradas para realizar transaccións en divisas vinculadas ós servicios de investimento.

3. As empresas de servicios de investimento, nos termos que regulamentariamente se establezan, e sempre que se resolvan en forma adecuada os posibles conflitos de interese entre elas e os seus clientes, ou entre os intereses de distintos tipos de clientes, poderán realizar outras actividades previstas nos números anteriores, referidas a instrumentos non recollidos no número seguinte.

4. Os servicios de investimento e, se é o caso, as actividades complementarias prestaranse sobre os seguintes instrumentos:

a) Os valores negociables, nas súas diferentes modalidades, incluídas as participacións en fondos de investimento e os instrumentos do mercado monetario que teñan tal condición.

b) Os instrumentos financeiros a que se refire o artigo 2 da presente lei.

c) Os instrumentos do mercado monetario que non teñan a condición de valores negociables.

5. O Goberno poderá modifica-lo contido da relación dos servicios de investimento, actividades complementarias e instrumentos que figuran neste artigo, para adaptar ás modificacións que se establezan na normativa da Unión Europea. O Goberno tamén poderá regula-la forma de presta-los servicios e actividades complementarias citados neste artigo.

Artigo 64.

1. Son empresas de servicios de investimento as seguintes:

- a) As sociedades de valores.
- b) As axencias de valores.
- c) As sociedades xestoras de carteiras.

2. As sociedades de valores son aquelas empresas de servicios de investimento que poden operar profesionalmente, tanto por conta allea como por conta propia, e realizar tódolos servicios de investimento e actividades complementarias previstas no artigo 63.

3. As axencias de valores son aquelas empresas de servicios de investimento que profesionalmente só poden operar por conta allea, con representación ou sen ela. Poderán realiza-los servicios de investimento e as actividades complementarias previstas no artigo 63, con excepción dos previstos no número 1, alíneas c) e f), e no número 2, alínea c).

4. As sociedades xestoras de carteiras son aquelas empresas de servicios de investimento que exclusivamente poden presta-lo servicio de investimento previsto na alínea d) do número 1 do artigo 63. Tamén poderán realiza-las actividades complementarias previstas nas alíneas d) e f) do número 2 do citado artigo.

5. As denominacións de "sociedade de valores", "axencia de valores" e "sociedade xestora de carteiras", así como as súas abreviaturas "S.V.", "A.V." e "S.X.C.", respectivamente, quedan reservadas ás entidades inscritas nos correspondentes rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as cales están obrigadas a incluílas na súa denominación. Ningunha outra persoa ou entidade poderá utilizar as tales determinacións ou calquera outra que induza a confusión.

6. Ningunha persoa ou entidade poderá, sen ter obtida a preceptiva autorización e se atopar inscrita nos correspondentes rexistros administrativos, desenvolver a cotío as actividades previstas no número 1 e nas letras a) e c) do número 2 do artigo 63, en relación cos instrumentos previstos no número 4 do dito precepto, abranguendo, para tal efecto, as operacións sobre divisas.

7. As persoas ou entidades que incumpran o previsto nos dous números anteriores serán sancionadas segundo o previsto no título VIII desta lei. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adoptar tódalas medidas que coide oportunas para que cesen as conductas infractoras; poderá, en especial:

a) Efectuar requirimentos reiterados, con imposición de multas coercitivas de ata dous millóns de pesetas ó infractor e, se é o caso, tamén ós administradores da entidade.

b) Acorda-la incautación dos libros, dos arquivos, dos rexistros contables e, en xeral, de tódolos documentos, calquera que for o seu soporte, relacionados coa súa actividade, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

c) Acorda-lo cerramento do establecemento do infractor.

d) Advertirlle ó público da existencia destas conductas e, se é o caso, das medidas adoptadas para o seu cesamento.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo das demais responsabilidades, mesmo de orde penal, que poidan ser esixibles.

8. O Rexistro Mercantil e os demais rexistros públicos non inscribirán aquelas entidades cun obxecto social ou cunha denominación que resulten contrarios ó disposto na presente lei. Cando, non obstante, tales inscricións se practicasen, serán nulas de pleno dereito e deberá procederse á súa cancelación de oficio ou por petición da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A dita nulidade non prexudicará os dereitos de terceiros de boa fe, adquiridos conforme o contido dos correspondentes rexistros.

Artigo 65.

1. As entidades de crédito, aínda que non sexan empresas de servicios de investimento segundo esta lei, poderán realizar habitualmente tódalas actividades previstas no seu artigo 63, sempre que o seu réxime xurídico, os seus estatutos e a súa autorización específica as habiliten para iso.

2. O Goberno poderá regula-la creación doutras entidades, así como permitirlles a outras persoas ou entidades que, sen seren empresas de servicios de investimento segundo esta lei, poidan realizar algunha das actividades propias delas, ou que contribúan a un mellor desenvolvemento dos mercados de valores. Estas persoas ou entidades non poderán prestar servicios de investimento sobre os instrumentos financeiros referidos no número 4 do artigo 63, con excepción dos comprendidos na alínea a) do número 1 do artigo 63, sempre que neste suposto non reciban en depósito fondos ou instrumentos financeiros dos seus clientes.

Estableceranse regulamentariamente os requisitos para constituír estas entidades, o seu obxecto social, a súa forma de actuación en España e no estranxeiro, e os demais puntos que configuren o seu réxime xurídico, incluído, se é o caso, o réxime de autorización administrativa e inscrición nos rexistros especiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores. As ditas persoas ou entidades seralles de aplicación o réxime sancionador propio das empresas de servicios de investimento coas adaptacións que regulamentariamente se establezan, atendida a súa natureza específica.

3. Estableceranse regulamentariamente os requisitos que deben cumprilos que actúen con carácter habitual como axentes ou apoderados das empresas de servicios de investimento, así como os apoderamentos que lles sexan conferidos e o seu réxime de actuación.

4. En todo caso, ás entidades e persoas a que se refire este artigo seranlles de aplicación as dis-

posicións desta lei e as súas normas de desenvolvemento en canto á realización e disciplina dos servicios e actividades previstos no seu artigo 63 e á súa posible participación nos mercados secundarios oficiais de valores.

CAPÍTULO II

Condições de acceso á actividade

Artigo 66.

1. Corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, autoriza-las empresas de servicios de investimento.

Na autorización farase consta-la clase de empresa de servicios de investimento de que se trate, así como os específicos servicios de investimento e actividades complementarias que se lle autoricen de entre os que figuren no programa de actividades a que se refire o seguinte número 2.

A resolución administrativa será motivada e deberá notificarse dentro dos tres meses seguintes á recepción da solicitude, ou no momento en que se complete a documentación esixible e, en todo caso, dentro dos seis meses seguintes á recepción daquela. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anteriormente previsto, poderá entenderse desestimada. Para a eficacia da desestimación presunta deberá solicitarse a certificación de acto presunto a que se refire o artigo 44 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude de autorización, xunto ós estatutos e demais documentos que regulamentariamente se determinen, deberá acompañar, en todo caso, un programa de actividades, no que de modo específico terán que constar cáles daquelas previstas no artigo 63 pretende realiza-la empresa e con qué alcance, así como a organización e medios dela. As empresas de servicios de investimento non poderán realizar actividades que non consten expresamente na autorización a que se refire o número 1 anterior.

3. Deberá ser obxecto de consulta previa coa autoridade supervisora do correspondente Estado membro da Unión Europea a autorización dunha empresa de servicios de investimento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a nova empresa vaia estar controlada por unha empresa de servicios de investimento ou unha entidade de crédito, autorizada no dito Estado.

b) Que o seu control vaia ser exercido pola empresa dominante dunha empresa de servicios de investimento, ou dunha entidade de crédito, autorizada nese Estado.

c) Que o seu control vaia ser exercido polas mesmas persoas físicas ou xurídicas que controlen unha empresa de servicios de investimento, ou unha entidade de crédito, autorizada nese Estado membro.

Entenderase que unha empresa é controlada por outra cando se dea algún dos supostos recollidos no artigo 4 desta lei.

4. No caso de creación de empresas de servicios de investimento que vaian estar controladas, de forma directa ou indirecta, por unha ou varias empresas autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea, deberá suspenderse a concesión da autorización pedida, dene-

garse ou limitarse os seus efectos, cando lle fose notificada a España, unha decisión adoptada pola Comunidade ó comprobar que as empresas de investimento comunitarias non se benefician no dito Estado dun trato que ofrezca as mesmas condicións de competencia cás súas entidades nacionais, e que non se cumpren as condicións de acceso efectivo ó mercado.

5. Para que unha empresa de servicios de investimento, unha vez autorizada, poida inici-la súa actividade, os promotores deberán constituí-la sociedade, inscribíndoa no Rexistro Mercantil e posteriormente no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores que corresponda. A inscrición no Rexistro da Comisión deberá publicarse no "Boletín Oficial del Estado". Nos casos de transformación dunha entidade preexistente haberá que se ater ó previsto no artigo 72.

Artigo 67.

1. O ministro de Economía e Facenda só poderá denega-la autorización para constituír unha empresa de servicios de investimento polas seguintes causas:

a) Incumprimento dos requisitos previstos no número seguinte.

b) Cando atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade non se considere adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter unha participación significativa, tal como se define no artigo 69. Entre outros factores, a idoneidade apreciárase en función de:

1.º A honorabilidade empresarial e profesional dos accionistas.

2.º Os medios patrimoniais con que contén os ditos accionistas para atenderen os compromisos asumidos.

3.º A posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ó risco das actividades non financeiras dos seus promotores; ou, cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectadas polo alto risco daquelas.

c) A falta de transparencia na estrutura do grupo ó que eventualmente poida pertence-la entidade, ou a dos vínculos estreitos que poida ter con outras persoas, e, en xeral, a existencia de graves dificultades para inspeccionala ou obte-la información que a Comisión Nacional do Mercado de Valores estime necesaria para o adecuado desenvolvemento das súas funcións supervisoras.

2. Serán requisitos para que unha entidade obteña a súa autorización como empresa de servicios de investimento os seguintes:

a) Que teña por obxecto social exclusivo a realización das actividades que sexan propias das empresas de servicios de investimento, segundo esta lei.

b) Que revista a forma de sociedade anónima ou de sociedade de responsabilidade limitada, constituída por tempo indefinido, e que as accións ou participacións integrantes do seu capital social teñan carácter nominativo.

c) Que cando se trate dunha entidade de nova creación se constituía polo procedemento de fundación simultánea e que os seus fundadores non se reserven vantaxes ou remuneracións especiais de ningunha clase.

d) A existencia dun capital social mínimo totalmente desembolsado en efectivo.

e) Que conte cun consello de administración, formado por non menos de cinco membros nas sociedades de valores, e por tres nas axencias de valores e sociedades xestoras de carteiras.

f) Que tódolos membros do seu consello de administración, así como os seus directores xerais e asimilados, teñan unha recoñecida honorabilidade empresarial ou profesional.

g) Que ningún dos membros do seu consello de administración, así como ningún dos seus directores xerais ou asimilados, fose, en España ou no estranxeiro, declarado en quebra ou concurso de acredores sen ser rehabilitado; se encontre procedado ou, tratándose do procedemento a que se refire o título III do Libro IV da Lei de axuizamento criminal, se dictase auto de apertura do xuízo oral; teña antecedentes penais por delitos de falsidade, contra a Facenda pública, de infidelidade na custodia de documentos, de violación de segredos, de branqueo de capitais, de malversación de fondos públicos, de descubrimento e revelación de segredos, contra a propiedade; ou estea inhabilitado ou suspendido, penal ou administrativamente, para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.

h) Que a maioría dos membros do seu consello de administración, así como tódolos directores xerais e asimilados, contén con coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas co mercado de valores.

i) Que conte cunha boa organización administrativa e contable, así como con medios humanos e técnicos adecuados, en relación co seu programa de actividades.

j) Que conte coa existencia dun regulamento interno de conducta, axustado ás previsións desta lei, así como con mecanismos de control e de seguridade no ámbito informático e de procedementos de control interno adecuados, incluído, en particular, un réxime de operacións persoais dos conselleiros, directivos, empregados e apoderados da empresa.

k) Que se adhiran ó Fondo de Garantía de Inversións previsto no título VI desta lei, cando a regulación específica deste así o requira.

No desenvolvemento regulamentario dos requisitos previstos neste número deberase ter en conta a clase de empresa de servicios de investimento de que se trate e o tipo de actividades que realicen, en especial, en relación co establecemento do capital social mínimo, previsto na alínea d) anterior.

CAPÍTULO III

Condicións de exercicio

Artigo 68.

1. As modificacións dos estatutos sociais das empresas de servicios de investimento axustaranse, coas excepcións que regulamentariamente se sinalen, ó procedemento de autorización de novas entidades, se ben a solicitude de autorización se deberá resolver, notificándoselles ós interesados, dentro dos dous meses da súa presentación. Cando a solicitude non sexa resolta neste prazo, entenderase estimada. Todas elas deberán ser obxecto

de inscrición no Rexistro Mercantil e no da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Toda alteración dos específicos servicios de investimento e actividades complementarias inicialmente autorizados requirirá unha autorización previa outorgada conforme o procedemento de autorización de novas entidades, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e inscribirse nos rexistros desta comisión, na forma que regulamentariamente se determine. Poderá denegarse a autorización se a entidade non cumpre o previsto nos artigos 67 e 70 e, en especial, se estima insuficientes a organización administrativa e contable da entidade, os seus medios humanos e técnicos ou os seus procedementos de control interno.

Se, como consecuencia da alteración autorizada, a empresa de servicios de investimento restrinxe o ámbito das súas actividades, procederase, se é o caso, a liquidar as operacións pendentes ou a traspasar os valores, instrumentos e efectivo que lle confiasen os seus clientes. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar as medidas cautelares oportunas, incluída a intervención da liquidación das operacións pendentes.

Artigo 69.

1. Para os efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha empresa de servicios de investimento española aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, alomenos o 5 por 100 do capital ou dos dereitos de voto da empresa.

Tamén terá a consideración de participación significativa aquela que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita exercer unha influencia notable na empresa. Regulamentariamente poderán determinarse, tendo en conta as características dos distintos tipos de empresa de investimento, cando se presumirá que unha persoa pode exercer a dita influencia notable.

2. O disposto neste título para as empresas de servicios de investimento entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacións significativas contidas nesta lei.

3. Toda persoa física ou xurídica que pretenda adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha empresa de servicios de investimento deberá informar previamente diso a Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da dita participación, o modo de adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación.

4. Tamén deberá informar previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos sinalados no número anterior, quen pretenda incrementar, directa ou indirectamente, a súa participación significativa de tal forma que a súa porcentaxe de capital ou dereitos de voto alcance ou supere algún dos seguintes niveis: 10, 15, 20, 25, 33, 40, 50, 66, ou 75 por 100. En todo caso, esta obriga seralle tamén esixible a quen en virtude da adquisición pretendida puiden chegar a controlar a empresa de servicios de investimento.

5. Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste título sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 4 desta lei.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores disporá dun prazo máximo de dous meses, contados a partir da data en que fose informada, para,

se é o caso, oporse á adquisición, segundo o previsto no artigo 67. Se a Comisión non se pronunciase no dito prazo, entenderase que acepta a pretensión. Cando non exista oposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta poderá fixar un prazo máximo distinto ó solicitado para efectuar a adquisición.

7. No suposto de que, como consecuencia da adquisición, a empresa de servicios de investimento fose quedar baixo algunha das modalidades de control previstas no número 3 do artigo 66, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá consultar coa autoridade supervisora competente.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá suspender a súa decisión ou limitar os seus efectos cando en virtude da adquisición a empresa de servicios de investimento vaia quedar controlada por unha empresa autorizada nun Estado non comunitario e se dean as circunstancias previstas no número 4 do artigo 66.

8. Cando se efectúe unha adquisición das reguladas nos números anteriores sen informar previamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores; logo de informal, pero sen que transcorresen aínda os tres meses previstos no artigo anterior; ou coa oposición expresa da Comisión, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, non obstante, chegasen a se exercer os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto na Lei de sociedades anónimas, estando lexitimada para o efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Poderase acordar a suspensión de actividades prevista no artigo 75.

c) Se for preciso, acordarase a intervención da empresa ou a substitución dos seus administradores, segundo o previsto no título VIII.

Ademais, poderanse impoñer as sancións previstas no título VIII desta lei.

9. Toda persoa física ou xurídica que, directa ou indirectamente, pretenda deixar de ter unha participación significativa nunha empresa de servicios de investimento; que pretenda reducir a súa participación de forma que esta traspase algún dos niveis previstos no número 4; ou que, en virtude do alleamento pretendido, poida perder o control da empresa, deberá informar previamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da operación proposta e o prazo previsto para levar a cabo.

O incumprimento deste deber de información será sancionado segundo o previsto no título VIII desta lei.

10. As empresas de servicios de investimento deberánlle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, en canto teñan coñecemento diso, as adquisicións ou cesións de participacións no seu capital que traspasen algún dos niveis sinalados nos números anteriores. Tales empresas non inscribirán no seu libro rexistro de accións as transmisións de accións que necesiten autorización, conforme esta lei, ata non se xustifica a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

11. Cando existan razóns fundadas e acreditadas respecto de que a influencia exercida polas persoas que posúan unha participación significativa

nunha empresa de servizos de investimento poida resultar en detrimento da súa xestión sa e prudente, que dane gravemente a súa situación financeira, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, adoptará algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) As previstas nas alíneas a) e b) do número 8, ben que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder de tres anos.

b) Con carácter excepcional, a revogación da autorización.

Ademais, poderanse impo-las sancións que procedan segundo o previsto no título VIII desta lei.

Artigo 70.

1. As empresas de servizos de investimento deberán cumprilas obrigas previstas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento e, en especial:

a) Cumprir, na forma que regulamentariamente se determine, os requisitos que para a súa autorización se establecen no artigo 67.

Regulamentariamente determinarase a forma de comunicar aqueles cambios nas condicións da autorización que poden ser relevantes para o labor supervisor da Comisión Nacional do Mercado de Valores e as facultades desta.

b) Leva-los rexistros das operacións en que interveñan na forma que se determine regulamentariamente.

c) Informa-la Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma que se determine regulamentariamente, das operacións que efectúen, en especial, cando teñan por obxecto valores ou instrumentos financeiros negociados en mercados secundarios oficiais.

d) Manter en todo momento un volume de recursos propios proporcionados ó da súa actividade e gastos de estrutura e ós riscos asumidos e, en xeral, cumprilas normas de solvencia que se establezan. Esta obriga será extensible ós grupos consolidables previstos no artigo 86.

Regulamentariamente estableceranse os elementos que integran os recursos propios computables; os niveis mínimos de recursos propios esixibles e as deducións que sexan de aplicación; os niveis mínimos de recursos propios esixibles; as clases de risco obxecto de cobertura e as súas distintas ponderacións; os criterios e regras cuantitativas que limiten directa ou indirectamente determinadas categorías de investimentos, operacións ou posicións que impliquen riscos elevados e, en particular, os que deriven de participacións de carteira permanentes que manteñan as sociedades e axencias de valores; as consecuencias que supoña non cumprilas regras que se establezan, incluíndo a limitación do reparto de beneficios e, en xeral, tódalas medidas que sexan necesarias para asegurar a solvencia das empresas de servizos de investimento e a dos grupos consolidables en que se integren.

e) Mante-los volumes mínimos de investimento en determinadas categorías de activos líquidos e de baixo risco que, co fin de salvagarda-la súa liquidez, se establezan regulamentariamente.

f) Participar nun fondo de garantía de investimentos segundo o previsto no título VI desta lei, informando os seus clientes do seu nivel de cobertura.

g) Informa-la Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma e coa periodicidade que regulamentariamente se estableza, sobre a composición do seu accionariado ou das alteracións que nel se establezan. Tal información comprenderá necesariamente a relativa á participación doutras entidades financeiras no seu capital, calquera que for a súa contía. Regulamentariamente establecerase en qué casos a información subministrada terá carácter público.

h) Toma-las medidas adecuadas, en relación cos valores e fondos que lles confían os seus clientes, para protexe-los seus dereitos e evitar unha utilización indebida daqueles. Regulamentariamente regularanse os mecanismos de control interno que deberán pór en práctica as empresas de servizos de investimento para cumprir adecuadamente esta obriga.

2. Informarase, así mesmo, e nos mesmos supostos que os recollidos no número 1 anterior, ás comunidades autónomas con competencias na materia e respecto das operacións realizadas nalgún mercado secundario oficial de ámbito autonómico.

3. As empresas de servizos de investimento están suxeitas ás seguintes limitacións operativas:

a) Non poderán asumir funcións de sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, de fondos de pensións ou de fondos de titulación de activos.

b) As sociedades de valores que presten o servizo de xestión de carteiras de investimento ou que participen no capital dunha sociedade xestora de carteiras ou outra entidade que preste o dito servizo, só poderán negociar por conta propia cos titulares dos valores xestionados por esta cando quede constancia explícita, por escrito, de que estes últimos coñeceron tal circunstancia antes de concluí-la correspondente operación.

c) As axencias de valores e as sociedades xestoras de carteira só poderán adquirir valores por conta propia: co fin de manteren de maneira estable os seus recursos propios, manteren participacións, cando fosen emitidos por entidades cunha actividade que supoña a prolongación do seu propio negocio e, en xeral, naqueles supostos en que a participación sirva para o adecuado desenvolvemento das actividades que lles son propias, conforme a presente lei. Regulamentariamente determinarase as condicións que deben cumprir tales participacións.

d) O seu financiamento, cando revista formas distintas da participación no seu capital, deberá axustarse ás limitacións que regulamentariamente se establezan.

4. En todo grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, cada unha das entidades financeiras integradas e en especial a entidade obrigada, recollida no número 4 do artigo 86, deberán adoptar-las medidas precisas para resolver adecuadamente os posibles conflitos de interese entre os clientes de distintas entidades do grupo.

CAPÍTULO IV

Actuación transfronteiriza

Artigo 71.

1. As empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Euro-

pea poderán realizar en España, ben mediante a apertura dunha sucursal, ben en réxime de libre prestación de servicios, as actividades que se sinalan no artigo 63. Será imprescindible que a autorización, os estatutos e o réxime xurídico da entidade a habiliten para exercer as actividades que pretende realizar.

No exercicio da súa actividade en España deberán respecta-las disposicións dictadas por razóns de interese xeral, as normas de conducta, incluída a presenza física nos mercados cando a súa forma de negociación o esixe, e as regras de ordenación dos mercados que, se for o caso, resulten aplicables.

Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o procedemento para as empresas de servicios de investimento comunitarias poderen operar en España. En ningún caso se poderá condicionar-lo establecemento de sucursais ou a libre prestación de servicios a que se refire o parágrafo primeiro do presente número á obriga de obter unha autorización adicional, nin á de achegar un fondo de dotación, ou a calquera outra medida de efecto equivalente.

2. Ás empresas de servicios de investimento non comunitarias que pretendan abrir en España unha sucursal seralles de aplicación o procedemento de autorización previa previsto no capítulo II deste título coas adaptacións que regulamentariamente se establezan. Se pretenden prestar servicios sen sucursal, deberán ser autorizadas na forma e coas condicións que regulamentariamente se fixen. En ámbolos casos, a autorización poderá ser denegada ou condicionada por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe ou por non quedar asegurado o cumprimento das regras de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois.

As empresas de servicios de investimento non comunitarias que operen en España estarán suxeitas á presente lei e ás súas normas de desenvolvemento.

3. As empresas de servicios de investimento españolas que pretendan abrir unha sucursal no estranxeiro ou prestar servicios sen sucursal nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, deberán obter previamente unha autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A prestación de servicios sen sucursal noutro Estado membro só requirirá ser comunicada previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, precisando as actividades que se van realizar.

Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o procedemento para que as empresas de servicios de investimento poidan operar noutro Estado, debéndose ter en conta se este pertence ou non á Unión Europea.

4. Tamén quedará suxeita á previa autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores a creación por unha empresa de servicios de investimento ou un grupo de empresas de servicio de investimento españolas dunha empresa de servicio de investimento estranxeira, ou a adquisición dunha participación nunha empresa xa existente, cando esa empresa de servicio de investimento estranxeira vaia ser constituída ou se encontre domiciliada nun Estado que non sexa membro da Unión Europea. Regulamentariamente determinarase a información que deba incluírse na solicitude.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo de tres meses contados desde a recepción de toda a información requirida, resolverá sobre a petición. Cando a solicitude non sexa resolta no

prazo anteriormente previsto, poderá entenderse desestimada. Para a eficacia da desestimación presunta deberá solicitarse a certificación de acto presunto a que se refire o artigo 44 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá tamén denegar-la petición cando, atendendo á situación financeira da empresa de servicio de investimento ou á súa capacidade de xestión, considere que o proxecto pode afectala negativamente; cando, vistas a localización e características do proxecto, non poida asegurarse a efectiva supervisión do grupo, en base consolidada, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou cando a actividade da entidade dominada non quede suxeita a un efectivo control por parte dunha autoridade supervisora nacional.

CAPÍTULO V

Operacións societarias e revogación das empresas de servicios de investimento

Artigo 72.

A transformación, fusión, escisión e segregación dunha rama de actividade, así como as demais operacións de modificación social que sexan realizadas por unha empresa de servicios de investimento ou que conduzan á creación dunha empresa de servicios de investimento, requirirán autorización previa, de acordo co procedemento establecido no artigo 66, coas adaptacións que regulamentariamente se sinalen, sen que en ningún caso a alteración social poida significar ningunha mingua dos requisitos que para a constitución das empresas de servicios de investimento estean establecidas legal ou regulamentariamente.

Artigo 73.

A autorización concedida a unha empresa de servicios de investimento ou a unha das entidades a que se refire o artigo 65.2 desta lei ou a unha sucursal dunha entidade con sede en estados non comunitarios poderá revogarse nos seguintes supostos:

a) Se non dá comezo ás actividades autorizadas dentro dos doce meses seguintes á data da notificación da autorización, por causa imputable ó interesado.

b) Se renuncia expresamente á autorización, independentemente de que se transforme noutra entidade ou acorde a súa disolución.

c) Se interrompe, de feito, as actividades específicas autorizadas durante un período superior a seis meses.

d) Se durante un ano realiza un volume de actividade inferior ó normal que regulamentariamente se determine.

e) Se incumpre de forma sobrevida calquera dos requisitos para a obtención da autorización, agás que se dispoña algunha outra cousa en relación cos citados requisitos.

f) En caso de incumprimento grave, manifesto e sistemático das obrigas previstas nas letras b), d) e h) do artigo 70.1 da presente lei.

g) Cando se dea o suposto previsto no número 11 do artigo 69.

h) Se a empresa de servicios de investimento ou a persoa ou entidade é, segundo proceda, declarada xudicialmente en concurso, en estado de quiebra ou se ten por admitida xudicialmente unha solicitude de suspensión de pagamentos.

i) Como sanción, segundo o previsto no título VIII desta lei.

j) Se a empresa de servicios de investimento deixa de pertencer ó Fondo de Garantía de Inversiones previsto no título VI.

k) Cando se dea algunha das causas de disolución forzosa previstas no artigo 260 da Lei de sociedades anónimas, ou no artigo 104 da Lei de sociedades de responsabilidade limitada.

l) Se obtivo a autorización en virtude de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

Artigo 74.

1. A revogación da autorización axustarase ó procedemento común previsto no título VI da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades seguintes:

a) O acordo de iniciación e a instrucción corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) A resolución do expediente corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou directamente a este organismo nos supostos previstos nas letras b) e j) do artigo 73.

2. Emporiso, cando a causa de revogación que concorra sexa algunha das previstas nas letras a), b) ou h) do artigo anterior, abondará con lle dar audiencia á entidade interesada. Nos casos previstos nas letras i) e j) haberá que segui-los procedementos específicos previstos nesta lei.

3. A resolución que acorde a revogación será inmediatamente executiva. Unha vez notificada, a empresa de servicios interesada non poderá realizar novas operacións. A resolución deberase inscribir no Rexistro Mercantil e no da Comisión Nacional do Mercado de Valores, comunicándollo á Comisión da Unión Europea. Así mesmo, publicarase no "Boletín Oficial del Estado", producindo desde entón efectos fronte a terceiros.

4. O ministro de Economía e Facenda poderá acordar, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a revogación comporte a disolución forzosa da entidade. Nestes supostos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e os órganos rectores dos mercados secundarios oficiais, en por si ou por requirimento daquela, se estiveren afectados membros do mercado poderán, para a protección dos investidores e do funcionamento regular dos mercados de valores, acordar tódalas medidas cautelares que se coiden pertinentes e, en especial:

a) Acorda-lo traspaso a outra entidade dos valores negociables, instrumentos financeiros e efectivo que lle confiasen os seu clientes.

b) Esixir-lles algunha garantía específica ós liquidadores designados pola sociedade.

c) Nomea-los liquidadores.

d) Intervi-las operacións de liquidación. Se en virtude do previsto neste precepto, ou noutros desta lei, hai que nomear liquidadores, ou interventores da operación de liquidación, será de aplicación, coas adaptacións pertinentes, o recollido no título III

da Lei 26/1988, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

5. Cando a revogación non leve consigo a disolución da empresa de servicios de investimento, deberá proceder de forma ordenada a liquidación das operacións pendentes, e, se é o caso, a traspasa-los valores negociables, os instrumentos financeiros e o efectivo que lle confiasen os seus clientes. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar-las medidas cautelares oportunas, incluída a intervención da liquidación das operacións pendentes.

6. Cando unha empresa de servicios de investimento acorde a súa disolución por algunha das causas previstas no artigo 260 da Lei de sociedades anónimas, ou no artigo 104 da Lei de sociedades de responsabilidade limitada, entenderase revogada a autorización, podendo a Comisión Nacional do Mercado de Valores acordar para a súa ordenada liquidación calquera das medidas sinaladas no número 4 deste artigo.

7. A revogación da autorización concedida a unha empresa de servicios de investimento non comunitaria determinará a revogación da autorización da sucursal operante en España.

8. No caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña coñecemento de que a unha empresa de servicios de investimento doutro Estado membro da Unión Europea operante en España lle foi revogada a autorización, acordará de inmediato as medidas pertinentes para que a entidade non inicie novas actividades e se salvagarden os intereses dos investidores. Sen prexuízo das facultades da súa autoridade supervisora e en colaboración con ela, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar-las medidas previstas nesta lei para garantir unha correcta liquidación.

Artigo 75.

O ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá suspender, con carácter total ou parcial, os efectos da autorización concedida a unha empresa de servicios de investimento. Cando a suspensión sexa parcial, afectará algunhas actividades, ou o alcance co que estas se autorizaron.

Artigo 76.

1. A suspensión a que se refire o artigo anterior poderá acordarse cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Apertura dun expediente sancionador por infracción grave ou moi grave.

b) Cando se dea algunha das causas previstas nas letras e), f), h), j), ou l) do artigo 73, en tanto se substancie o procedemento de revogación.

c) Cando se dea o suposto previsto no número 8 do artigo 69.

d) Cando a empresa non realice as achegas ó Fondo de Garantía de Inversiones previsto no título VI.

e) Como sanción, segundo o previsto no título VIII.

2. A suspensión só se acordará cando, dándose unha das causas previstas no número anterior, a medida sexa necesaria para asegura-la solvencia da entidade ou para protexe-los investidores. Non poderá acordarse, agás que se trate dunha sanción,

por un prazo superior a un ano, prorrogable por outro máis.

3. A medida de suspensión de actividades acordarase e producirá os seus efectos segundo o previsto no artigo 74, agás cando se dea algún suposto que teña un réxime específico nesta lei.

Artigo 76 bis.

1. Cando unha empresa de servicios de investimento se presente en suspensión de pagamentos consonte a Lei do 26 de xullo de 1922, o nomeamento de interventores terá que recaer en persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou noutras persoas propostas por ela. Para tal efecto, o xulgado remitiralle oficio á citada Comisión Nacional, que comunicará a identidade das persoas que teñan que ser nomeadas.

Da mesma maneira se realizará a designación da persoa ou persoas que teñan que actuar como administradores, cando se dean os supostos do primeiro parágrafo do artigo 6 da citada Lei de suspensión de pagamentos e se proceda á suspensión e substitución dos órganos de administración da entidade suspenso.

A retribución dos interventores ou administradores poderá ser anticipada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores cando concorran circunstancias excepcionais e esta sexa a única maneira de asegura-la continuación ordenada do procedemento. A Comisión Nacional do Mercado de Valores non gozará de privilexio especial para o cobramento das cantidades que anticipase.

2. Cando unha empresa de servicios de investimento sexa formalmente declarada en estado de quebra, de conformidade coas normas do Código de comercio e a Lei de axuízamento civil, o nomeamento de comisario e depositario terá que recaer en persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou noutras persoas propostas por ela. Para tal efecto, o xulgado remitiralle oficio á citada Comisión Nacional, que comunicará a identidade das persoas que teñan que ser nomeadas. O nomeamento de polo menos un dos síndicos será feito polo xuíz, por proposta da sociedade xestora do Fondo de Garantía de Investimentos, unha vez que este satisfaga as súas indemnizacións.

O disposto no número anterior sobre retribución dos interventores e administradores das entidades suspensas será aplicable ós comisarios e depositarios das entidades en quebra.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores estará lexitimada para solicita-la declaración de estado de quebra das empresas de servicios de investimento, sempre que dos estados contables remitidos polas entidades, ou das comprobacións realizadas por ela, resulte que o pasivo da compañía é superior ó seu activo e que esta se atope nunha situación de incapacidade para lles facer fronte ós seus acredores.

Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores acordase a substitución do órgano de administración da entidade, os administradores provisionais poderán solicitar tanto a declaración de quebra, como a de suspensión de pagamentos da entidade.

En ningún dos casos mencionados nos parágrafos anteriores será necesaria a ratificación da solicitude por parte da xunta xeral da entidade, e os administradores provisionais designados, se é o caso, poderán ser nomeados comisarios, depositarios, síndicos ou interventores.

4. Con carácter previo á declaración de estado de quebra dunha empresa de servicios de investimento, tanto se foi solicitada pola propia entidade como por acredor lexítimo, o xulgado ante o que se siga o procedemento solicitaralle informe á Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre a situación da entidade. O informe deberá emitirse no prazo máximo de sete días hábiles e basearse tanto nos estados contables que periodicamente lle deben remiti-las citadas entidades, como en calquera outra documentación ou información dispoñible na Comisión Nacional do Mercado de Valores. Xunto co citado informe remitiráselle ó xulgado unha copia dos estados contables, públicos e reservados, das contas anuais e dos informes de auditoría correspondentes ós dous últimos exercicios, agás que a entidade non os remitise ou fose de recente creación; neste caso remitirase a información que, referida ó prazo indicado, estea dispoñible nese momento. O xulgado, cando o considere necesario para adopta-la súa resolución, poderá solicitar que a Comisión Nacional do Mercado de Valores lle remita información contable relativa a períodos anteriores ó indicado.

5. A regulación prevista neste artigo será tamén de aplicación cando se trate de sucursais en España de empresas de servicios estranxeiras, e se dea algún dos supostos de feito recollidos neste sentido. Iso enténdese sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas as autoridades xudiciais e administrativas estranxeiras e da colaboración da Comisión Nacional do Mercado de Valores e demais autoridades españolas.»

Artigo sexto. *Modificacións ós títulos VI e VII da Lei 24/1988.*

Un. O título VI da Lei 24/1988 pasa a denominarse «Fondo de Garantía de Investimentos», co seguinte texto:

«TÍTULO VI

Fondo de Garantía de Investimentos

Artigo 77.

1. Crearanse un ou varios fondos de garantía de investimentos para asegura-la cobertura a que se refire o punto 7 deste artigo con ocasión da realización dos servicios previstos no artigo 63, así como da actividade complementaria de depósito e administración de instrumentos financeiros.

2. Os fondos de garantía de investimentos constituiranse como patrimonios separados, sen personalidade xurídica; a súa representación e xestión encomendarásalles a unha ou a varias sociedades xestoras, que terán forma de sociedade anónima, e cun capital que se distribuirá entre as empresas de servicios de investimento adheridas na mesma proporción en que efectúen as achegas ós seus respectivos fondos.

3. Os orzamentos das sociedades xestoras, os seus estatutos sociais, así como as súas modificacións, requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Á mesma aprobación someterase o orzamento estimativo dos fondos que elaborarán as sociedades xestoras.

Será de aplicación á incorporación ou cesamento dos accionistas e á adaptación das súas participacións ás variacións no capital que se produzan, o procedemento previsto nos parágrafos terceiro, cuarto, quinto e sexto do artigo 48 desta lei, coas

adaptacións que resulten precisas. O resultado deste proceso de adaptación seralle comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. O nomeamento dos membros do Consello de Administración e do director ou directores xerais das sociedades xestoras esixirá a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

No Consello de Administración integrárase un representante da Comisión Nacional do Mercado de Valores, con voz e sen voto, quen velará polo cumprimento das normas reguladoras da actividade de cada fondo. Así mesmo, e coas mesmas funcións, cada Comunidade Autónoma con competencias na materia en que exista mercado secundario oficial designará un representante no dito Consello de Administración.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender todo acordo do Consello de Administración que se considere contrario ás ditas normas e ós fins propios do fondo.

5. Deberán adherirse ós fondos de garantía de investimentos tódalas empresas de servicios de investimento españolas. As sucursais de empresas estranxeiras poderán adherirse se son da Unión Europea. O réxime de adhesión das sucursais de empresas dun Estado terceiro axustarase ós termos que se establezan regulamentariamente.

Os fondos cubrirán as operacións que realicen as empresas adheridas a eles dentro ou fóra do territorio da Unión Europea, segundo corresponda a cada tipo de empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Así mesmo, establecerase regulamentariamente:

- a) O número de fondos e xestoras que se creen.
- b) As regras que determinen a adhesión das empresas de servicios de investimento españolas ós distintos fondos que se constituían.
- c) O réxime específico de adhesión das empresas de servicios de investimento de nova creación.
- d) As excepcións de adhesión ó fondo daquelas empresas de servicios de investimento que non incorran nos riscos mencionados no número 1 deste artigo.

6. Unha empresa de servicios de investimento só poderá ser excluída do fondo ó que pertenza cando incumpra as súas obrigas con el. A exclusión implicará a revogación da autorización concedida á empresa. A garantía alcanzará ós clientes que efectuasen os seus investimentos ata ese momento.

Será competente para acordar a exclusión a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe da sociedade xestora do fondo. Antes de adoptar esta decisión, deberanse acordar as medidas necesarias, incluída a esixencia de recargas sobre as cotas non aboadas, para que a empresa de servicios de investimento cumpra as súas obrigas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores tamén poderá acordar a suspensión prevista no artigo 75. A sociedade xestora do fondo colaborará coa Comisión Nacional do Mercado de Valores para conseguir a maior efectividade das medidas acordadas.

Do acordo de exclusión darase a difusión adecuada que garanta que os clientes da empresa de servicios de investimento afectada teñan coñecemento inmediato da medida adoptada.

7. Os investidores que non poidan obter directamente dunha entidade adherida a un fondo o reembolso das cantidades de diñeiro ou a restitución dos valores ou instrumentos que lles pertencen poderán solicitar á sociedade xestora do

dito fondo a execución da garantía que presta o fondo, cando se produza calquera das seguintes circunstancias:

- a) Que a entidade fose declarada en estado de quebra.
- b) Que se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagamentos da entidade.
- c) Que a Comisión Nacional do Mercado de Valores declare que a empresa de servicios de investimento non pode, aparentemente e por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira, cumprir as obrigas contraídas cos investidores, sempre que os investidores lle solicitasen á empresa de servicios de investimento a devolución de fondos ou valores que lle confiasen e non obtivesen satisfacción por parte dela nun prazo máximo de vintún días hábiles.

Unha vez feita efectiva a garantía polo fondo, este subrogarase nos dereitos que os investidores ostenten fronte á empresa de servicios de investimento, ata un importe igual á cantidade que lles fose aboada como indemnización.

No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á empresa de servicios de investimento fosen restituídos por aquela con posterioridade ó pagamento do importe garantido polo fondo, este poderá resarcirse do importe satisfeito, total ou parcialmente, se o valor dos que teña que restituír fose maior cá diferenza entre o dos que lle foron confiados á empresa de servicios de investimento e o importe pagado ó investidor. Para tal fin, está facultado a allealos na contía que resulte procedente, conforme as prescricións que se establezan regulamentariamente.

8. O Goberno queda facultado para regular, en todo o non previsto nesta lei, o réxime de funcionamento dos fondos de garantía de investimentos e o alcance da garantía que vaian proporcionar. En especial poderá determinar:

- a) O importe da garantía e a forma e prazo en que esta se fará efectiva.
- b) Os investidores excluídos da garantía, entre os que figurarán os de carácter profesional ou institucional e os especialmente vinculados á empresa incumplidora.
- c) O réxime orzamentario e financeiro, tanto das sociedades xestoras, como dos fondos de garantía de investimentos, que regulará, entre outras cuestións, as súas posibilidades de endebedamento e a forma en que as primeiras poden repercutir os seus gastos de funcionamento nos segundos.
- d) O réxime de investimento dos recursos que integren o patrimonio dos fondos, que se inspirará nos principios de rendibilidade e liquidez para cumprir con rapidez os seus compromisos.
- e) As regras para determinar o importe global das achegas que deban face-las entidades adheridas, o cal deberá ser abondo para a cobertura da garantía proporcionada.
- f) Os criterios de reparto entre as entidades adheridas da achega global que se fixe, entre os que figurarán o número de clientes cubertos e o volume de diñeiro ou instrumentos susceptibles de restitución, así como a periodicidade con que deberán face-las achegas e o réxime de recargas por morosidade.
- g) Suprimida.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 78, que pasa a se-la seguinte:

«As empresas de servicios de investimento, as entidades de crédito, as institucións de investimento colectivo, os emisores e, en xeral, cantas persoas ou entidades exerzan, de forma directa ou indirecta, actividades relacionadas cos mercados de valores, deberán respecta-las seguintes normas de conducta:

- a) As normas de conducta contidas no presente título.
- b) Os códigos de conducta que, en desenvolvemento das normas a que se refire a alínea a) anterior, aprobe o Goberno ou, con habilitación expresa deste, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- c) As contidas nos seus propios regulamentos internos de conducta.»

Tres. O artigo 79 quedará redactado nos seguintes termos:

«As empresas de servicios de investimento, as entidades de crédito e as persoas ou entidades que actúen no Mercado de Valores, tanto recibindo ou executando ordes como asesorando sobre investimentos en valores, deberán aterse ós seguintes principios e requisitos:

- a) Comportarse con dilixencia e transparencia en interese dos seus clientes e en defensa da integridade do mercado.
- b) Organizarse de forma que se reduzan ó mínimo os riscos de conflitos de interese e, en situación de conflito, darlles prioridade ós intereses dos seus clientes, sen privilexiar ningún deles.
- c) Desenvolver unha xestión ordenada e prudente, coidando dos intereses dos clientes como se fosen propios.
- d) Dispor dos medios adecuados para realiza-la súa actividade e ter establecidos os controis internos oportunos para garantir unha xestión prudente e previ-los incumprimentos dos deberes e obrigas que a normativa do Mercado de Valores lles impón.
- e) Asegurarse de que dispoñen de toda a información necesaria sobre os seus clientes e mantelos sempre adecuadamente informados.»

Catro. O número 2 do artigo 81 quedará redactado como segue:

«2. Considerarase información privilexiada toda información de carácter concreto que se refira a un ou a varios valores e a un ou a varios emisores de valores, que non se fixese pública e que, de se facer ou de se ter feito pública, podería influír ou tería influído de maneira apreciable sobre a cotización de tales valores.

Todo o que dispoña dalgunha información privilexiada deberase abster de executar por conta propia ou allea, directa ou indirectamente, algunha das condutas seguintes:

- a) Preparar ou realizar calquera tipo de operación no mercado sobre os valores ós que a información se refire.
- b) Comunica-la dita información a terceiros, agás no exercicio normal do seu traballo, profesión ou cargo.
- c) Recomendarlle a un terceiro que adquira ou ceda valores ou que faga que outro os adquira ou ceda baseándose na dita información.»

Cinco. Suprímese o número 3 do artigo 81.

Seis. O artigo 83 terá a seguinte redacción:

«Tódalas empresas de servicios de investimento, entidades de crédito e demais entidades que

actúen, ou presten servicios de asesoramento sobre investimentos, nos mercados de valores deberán establece-las medidas necesarias para garantir que a información reservada ou privilexiada derivada da actividade de cada unha das súas divisións ou seccións non se encontre, directa ou indirectamente, ó alcance do persoal da propia entidade que preste os seus servicios noutro sector de actividade, de maneira que cada función se exerza de forma autónoma. Ademais, deberán adopta-las medidas pertinentes para que na toma de decisións non xurdan conflitos de interese, tanto no seo da propia entidade, como entre as entidades pertencentes a un mesmo grupo.»

Artigo sétimo. *Modificacións ó título VIII da Lei 24/1988.*

Introdúcense as seguintes modificacións no título VIII da lei:

Un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 84:

«Quedan suxeitas ó réxime de supervisión, inspección e sanción establecido na presente lei, por conta da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

1. As seguintes persoas e entidades reguladas por esta lei:

a) Os organismos rectores dos mercados secundarios, oficiais ou non, coa exclusión do Banco de España.

b) O Servicio de Compensación e Liquidación de Valores, a Sociedade de Bolsas e as sociedades que teñan a titularidade de tódalas accións de organismos previstos na letra a), así como outros organismos de compensación e liquidación dos mercados que se creen ó abeiro do disposto na presente lei.

c) As empresas de servicios de investimento españolas, estendéndose esta competencia a calquera oficina ou centro dentro ou fóra do territorio nacional.

d) As empresas de servicios de investimento non comunitarias que operen en España.

e) As entidades que se creen ó abeiro do previsto no número 2 do artigo 65, así como os axentes e apoderados recollidos no número 3 do citado artigo.

f) As sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos.

g) Os que, non estando incluídos nas letras precedentes, ostenten a condición de membro dalgún mercado secundario, ou da entidade que compense e liquide as súas operacións.

2. As seguintes persoas e entidades, en canto ás súas actuacións relacionadas co mercado de valores:

a) Os emisores de valores.

b) As entidades de crédito.

c) As empresas de servicios de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que operen en España.

d) As restantes persoas físicas ou xurídicas, en canto poidan verse afectadas polas normas desta lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. As persoas residentes ou domiciliadas en España que controlen, directa ou indirectamente, empresas de servicios de investimento noutros Estados membros da Unión Europea, dentro do marco da colaboración coas autoridades respon-

sables da supervisión das ditas empresas, así como os titulares de participacións significativas para os efectos do cumprimento do previsto no artigo 69 desta lei.

4. As entidades que formen parte dos grupos consolidables de empresas de servicios de investimento recollidas no artigo 86 desta lei, para os únicos efectos do cumprimento a nivel consolidado dos requirimentos de recursos propios e das limitacións que se poidan establecer sobre os investimentos, operacións ou posicións que impliquen riscos elevados.

5. As entidades que forman parte dos grupos consolidables dos que sexan dominantes as entidades a que se refiren as letras a) e b) do número 1 anterior, para os únicos efectos do cumprimento da obriga de consolida-los seus estados contables e das limitacións que se poidan establecer en relación coa súa actividade e equilibrio patrimonial.

6. As persoas físicas e entidades non financeiras mencionadas no número 9 do artigo 86, para os únicos efectos previstos nese número.

7. Calquera persoa ou entidade, para os efectos de comprobar se infrinxe as reservas de denominación e actividade previstas nos artigos 64 e 65.

No caso de persoas xurídicas, as competencias que lle corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores segundo os números anteriores poderán exercerse sobre os que ocupen cargos de administración, dirección ou asimilados nelas.

O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das competencias de supervisión, inspección e sanción que lles correspondan ás comunidades autónomas que as teñan atribuídas sobre os organismos rectores de mercados secundarios de ámbito autonómico e, en relación coas operacións, sobre valores admitidos a negociación unicamente neles, sobre as demais persoas ou entidades relacionadas nos dous primeiros números anteriores. Para os efectos do exercicio das ditas competencias, terán carácter básico os correspondentes preceptos deste título, agás as referencias contidas nelas a órganos ou entidades estatais. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá subscribir convenios con comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores co obxecto de coordina-las sus respectivas actuacións.»

Dous. O artigo 85 quedará redactado na seguinte forma:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar das persoas físicas e xurídicas enumeradas no artigo 84 cantas informacións coide necesarias sobre as materias obxecto desta lei. Co fin de obter as ditas informacións ou de confirmala súa veracidade, a Comisión poderá realizar cantas inspeccións considere necesarias. As persoas físicas e xurídicas comprendidas neste parágrafo quedan obrigadas a poñer a disposición da Comisión cantos libros, rexistros e documentos, sexa cal for o seu soporte, esta considere precisos, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

As actuacións de comprobación e investigación poderanse desenvolver, a elección dos servicios da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da entidade inspeccionada ou do seu representante.

b) Nos propios locais da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Cando as actuacións de comprobación e investigación se desenvolvan nos lugares sinalados no alínea a) anterior, observarase a xornada laboral deles, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas e días.

2. Tratándose de empresas de servicios de investimento autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea que operen en España, o deber de subministrar información só se estenderá a aqueles aspectos relacionados con disposicións dictadas por razóns de interese xeral, normas de conducta e regras de ordenación dos mercados, así como con fins estatísticos. Estas informacións serán as mesmas que se lles esixan ás empresas de servicios de investimento españolas para todos eses fins.

Sen prexuízo da facultade da Comisión Nacional do Mercado de Valores para inspecciona-las sucursais en territorio nacional das empresas comunitarias, as autoridades competentes do Estado membro que lle concedese a autorización a unha destas empresas poderá inspecciona-las súas sucursais en España, logo de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores porá en coñecemento das autoridades competentes dos Estados membros que lle concedesen a autorización a unha empresa de servicios de investimento que opere en España calquera medida sancionadora adoptada contra a empresa ou que implique unha restricción á súa actividade.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá inspecciona-las sucursais das empresas de servicios de investimento españolas establecidas noutros Estados membros da Unión Europea, logo de comunicación ás autoridades competentes dos ditos Estados.

4. Cando empresas de servicios de investimento españolas operen nos mercados de valores doutros Estados membros ou cando empresas comunitarias o fagan nos mercados españois, a Comisión Nacional do Mercado de Valores colaborará estreitamente coas autoridades competentes para o eficaz exercicio das súas respectivas competencias. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores exerza as súas facultades sobre as empresas de servicios de investimento estranxeiras, poderao facer co alcance previsto nesta lei para as entidades españolas.

5. O disposto nos números 2 a 4 anteriores resultará tamén de aplicación ás entidades de crédito comunitarias autorizadas para operar nos mercados de valores.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá obriga-las persoas e entidades enumeradas no artigo 84 a que fagan pública a información que aquela coide pertinente sobre as súas actividades relacionadas co Mercado de Valores ou que poidan influír neste. De non o faceren directamente os obrigados, farao a propia Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Tres. O artigo 86 quedará así:

«1. As contas e informes de xestión individuais e consolidados correspondentes a cada exercicio das entidades citadas no número 1 do artigo 84 deberán ser aprobadas, dentro dos catro meses seguintes ó cerramento daquel, pola correspondente xunta xeral, logo de realización dunha auditoría de contas.

2. Sen prexuízo do establecido no título III do Libro I do Código de comercio, facúltase o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para, logo de informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, establecer e modificar, en relación coas entidades citadas no número anterior as normas contables e os modelos a que se deben axustar os seus estados financeiros, así como os referidos ó cumprimento dos coeficientes que se establezan, dispoñendo a frecuencia e o detalle con que os correspondentes datos lle deberán ser subministrados á Comisión ou facerse públicos con carácter xeral polas propias entidades. Esta facultade non terá máis restricións que a esixencia de que os criterios de publicidade sexan homoxéneos para tódalas entidades dunha mesma categoría e semellantes para as diversas categorías. Así mesmo, facúltase o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para regula-los rexistros e documentos que deben leva-las empresas de servicios de investimento, así como, en relación coas súas operacións de mercado de valores, as demais entidades recollidas no artigo 65.

3. O ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, terán as mesmas facultades previstas no número anterior en relación cos grupos consolidables de empresas de servicios de investimento recollidos no número seguinte e cos grupos consolidables nos que a entidade matriz sexa algunha das citadas nas letras a) e b) do número 1 do artigo 84.

4. Para o cumprimento dos niveis mínimos de recursos propios e limitacións esixibles en virtude do artigo 70 ou, se é o caso, para o cumprimento do disposto no artigo 87, as empresas de servicios de investimento consolidarán os seus estados contables cos das demais empresas de servicios de investimento e entidades financeiras que constituán con elas unha unidade de decisión, segundo o previsto no artigo 4. Considerarase que un grupo de entidades financeiras constitúe un grupo consolidable de empresas de servicios de investimento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que unha empresa de servicios de investimento controle as demais entidades.
- b) Que a entidade dominante sexa unha entidade cunha actividade principal consistente en ter participacións en empresas de servicios de investimento.
- c) Que unha persoa física, un grupo de persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto, ou unha entidade non consolidable consonte a presente lei, controle varias entidades, todas elas empresas de servicios de investimento.

A obriga de formular e aproba-las contas e o informe de xestión consolidados, así como de proceder ó seu depósito, corresponderalle á entidade dominante; non embargante, no suposto recollido na letra c) do presente punto, a entidade obrigada será designada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de entre as empresas de servicios de investimento do grupo.

As contas e o informe de xestión consolidados dos grupos de empresas de servicios de investimento deberán ser sometidos ó control de audi-

tores de contas conforme o establecido no artigo 42 do Código de comercio e demais normativa aplicable. Emporiso, o nomeamento de auditores de contas corresponderalle en todo caso á entidade obrigada a formular e aproba-las ditas contas e informe conforme o disposto no parágrafo precedente.

5. Regulamentariamente, estableceranse os supostos nos que, pola natureza das entidades que formen o grupo ou pola inexistencia de potenciais prexuízos para os investidores ou o funcionamento regular dos mercados de valores non resulte aplicable a obriga de consolidación a que se refire o punto anterior. Nos citados supostos as empresas de servicios de investimento pertencentes ós devanditos grupos deberán utiliza-la definición de fondos propios que regulamentariamente se estableza, cumprir individualmente os requirimentos e límites establecidos para elas, así como crear sistemas de vixilancia e control das fontes de capital e de financiamento das restantes entidades financeiras do grupo que impidan que se puidese prexudica-la situación financeira das ditas empresas, dándolle conta á Comisión Nacional do Mercado de Valores da organización de tales sistemas e dos seus resultados.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá nestes supostos, aínda que non resulte aplicable a obriga de consolidación, solicitar das empresas de servicios de investimento que formen parte do grupo, información relativa ós riscos do grupo no seu conxunto, tales como grandes riscos, participacións en empresas non financeiras ou outras; así como impoñer restricións ás transferencias de capital das empresas de servicios de investimento co resto de entidades do grupo. Todo iso sen prexuízo das atribucións que á Comisión Nacional do Mercado de Valores lle outorga o punto 9 do presente artigo.

Así mesmo, determinaranse regulamentariamente os tipos de entidades financeiras que se deberán incluír no grupo consolidable de empresas de servicios de investimento a que se refire o punto anterior.

6. Formarán parte do grupo consolidable:

- a) As empresas de servicios de investimento.
- b) As entidades de crédito, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985.
- c) As sociedades de investimento mobiliaria.
- d) As sociedades xestoras de institucións de investimento colectiva, as sociedades xestoras de fondos de titulización, así como as sociedades xestoras de fondos de pensións, cando o seu obxecto exclusivo sexa a administración e xestión dos citados fondos.
- e) As sociedades de capital-risco e as sociedades xestoras de fondos de capital-risco.
- f) As entidades que teñan como actividade principal a tenza de accións ou participacións.

Así mesmo, formarán parte do grupo consolidable de empresas de servicios de investimento as sociedades instrumentais en quen a actividade principal supoña a prolongación do negocio dalgunha das entidades incluídas na consolidación, ou inclúa a prestación a estas de servicios auxiliares.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autoriza-la exclusión individual dunha entidade do grupo consolidable de empresas de servicios de investimento, cando se dea calquera dos supostos establecidos no número 2 do artigo 43

do Código de comercio, ou cando a inclusión da dita entidade na consolidación resulte inadecuada para o cumprimento dos obxectivos da supervisión do dito grupo.

7. As entidades aseguradoras non formarán parte en ningún caso dos grupos consolidables de empresas de servicios de investimento.

8. Regulamentariamente poderá regularse a forma en que as regras que esta lei recolle sobre recursos propios e supervisión dos grupos consolidables deberán ser aplicables ós subgrupos de empresas de servicios de investimento, entendéndose por tales aqueles que, incluíndo entidades de tal natureza, se integren, ó mesmo tempo, nun grupo consolidable de maior extensión.

De igual forma poderá regularse o modo de integración do subgrupo no grupo e a colaboración entre os organismos supervisores.

9. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir das entidades suxeitas a consolidación tanta información sexa necesaria para verificar as consolidacións efectuadas e analizar os riscos asumidos polo conxunto das entidades consolidadas, así como poderá, con igual obxecto, inspeccionar os seus libros, documentación e rexistros.

Cando das relacións económicas, financeiras ou xerenciais dunha empresa de servicios de investimento con outras entidades caiba deducir a existencia dunha relación de control no sentido do presente artigo, sen que as entidades procedesen á consolidación das súas contas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderálles solicitar información a esas entidades ou inspeccionalas, para os efectos de determinar a procedencia da consolidación.

10. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información das persoas físicas e inspeccionar as entidades non financeiras coas que exista unha relación de control conforme o previsto no artigo 4 da presente lei, para efectos de determinar a súa incidencia na situación xurídica, financeira e económica das empresas de servicios de investimento e dos seus grupos consolidables.

11. O cumprimento polo grupo consolidable do disposto nos números precedentes non exonerará as sociedades ou axencias de valores integradas nel de cumprir individualmente os seus requirimentos de recursos propios.

12. Cando existan entidades estranxeiras susceptibles de se integraren nun grupo consolidable de empresas de servicios de investimento, regularase regulamentariamente o alcance da supervisión en base consolidada por conta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, atendendo, entre outros criterios, ó carácter comunitario ou extracomunitario das entidades, á súa natureza xurídica e ó seu grao de control.

13. O deber de consolidación establecido no artigo 42 do Código de comercio entenderase cumprido mediante a consolidación a que se refiren os números anteriores por aqueles grupos de sociedades nos que a entidade dominante sexa unha empresa de servicios de investimento, ou por aqueles que teñan como dominante unha sociedade a actividade principal da cal sexa a tenza de participacións en empresas de servicios de investimento. O dito deber entenderase cumprido, así mesmo, para os grupos dos organismos rectores dos mercados secundarios oficiais e do Servicio de Compensación e Liquidación de Valores.

Iso enténdese sen prexuízo da obriga de consolidar entre si que poida existir para as filiais que non sexan entidades financeiras, nos casos en que proceda de acordo co sinalado artigo 42 do Código de comercio.»

Catro. O artigo 87 quedará redactado:

«1. Cando nun grupo consolidable de empresas de servicios de investimento existan outros tipos de entidades sometidas a requirimentos específicos de recursos propios, o grupo deberá alcanzar, para efectos de suficiencia de tales recursos, a máis alta das magnitudes seguintes:

a) A necesaria para acadar os niveis mínimos que se establezan conforme o previsto na letra d) do número 1 do artigo 70.

b) A suma dos requirimentos de recursos propios establecidos para cada clase de entidades integrantes do grupo, calculados de forma individual ou subconsolidada segundo as súas normas específicas.

2. O cumprimento polo grupo do disposto no número precedente non exonerará as entidades financeiras integradas nel, calquera que sexa a súa natureza, de cumprir individualmente os seus requirimentos de recursos propios. Para tal efecto, as ditas entidades serán supervisadas en base individual polo organismo que corresponda á súa natureza.

3. Toda norma que se dicte en desenvolvemento do que esta lei prevé e que poida afectar entidades financeiras suxeitas á supervisión do Banco de España ou da Dirección Xeral de Seguros ditarase logo de informe destes organismos.

4. Sempre que nun grupo consolidable de empresas de servicios de investimento existan entidades suxeitas a supervisión en base individual por organismo distinto da Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta, no exercicio das competencias que a presente lei lle atribúe sobre as ditas entidades, deberá actuar de forma coordinada co organismo supervisor que en cada caso corresponda. O ministro de Economía e Facenda poderá dicitar as normas necesarias para asegurar a adecuada coordinación.

5. O ministro de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, por proposta do Banco de España, poderá acordar que un grupo de empresas de servicios de investimento no que integren unha ou máis entidades de crédito susceptibles de se adheriren a un fondo de garantía de depósitos teña a consideración de grupo consolidable de entidades de crédito e quede, xa que logo, sometido a supervisión en base consolidada polo Banco de España.»

Cinco. Introdúcense dous novos parágrafos iniciais no artigo 88, coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo do disposto nos artigos 84 e 87, o Banco de España exercerá facultades de supervisión e inspección sobre os membros do mercado de débeda pública en anotacións, os titulares de conta a nome propio e sobre as entidades xestoras, así como sobre as actividades relacionadas co Mercado de Valores realizadas por entidades inscritas nos rexistros ó seu cargo a que se refire o artigo 65.

En tódolos casos de confluencia de competencias de supervisión e inspección entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España, ámbalas institucións coordinarán as súas actua-

cións baixo o principio de que a tutela da solvencia das entidades financeiras afectadas recae sobre a institución que manteña o correspondente Rexistro e a do funcionamento dos mercados de valores corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Seis. O artigo 90 quedará como segue:

«1. No exercicio das súas funcións de supervisión e inspección previstas na presente lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores colaborará coas autoridades que teñan encomendadas funcións semellantes en Estados estranxeiros, podendo subscribir para tal efecto acordos de colaboración. En particular, poderá comunicar informacións relativas á dirección, xestión, solvencia e propiedade das empresas de servizos de investimento, e demais entidades rexistradas, así como as que contribúan a unha mellor supervisión dos mercados de valores ou sirvan para evitar, perseguir ou sancionar conductas irregulares.

No caso de que as autoridades competentes non pertencan a outro Estado membro da Unión Europea, a subministración destas informacións esixirá que exista reciprocidade e que as autoridades competentes estean sometidas ó segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas nas leis españolas.

O acceso das Cortes Xerais á información sometida ó deber de segredo realizarase a través do presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co previsto nos regulamentos parlamentarios. Para tal efecto, o presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar motivadamente dos órganos competentes da Cámara a celebración dunha sesión secreta ou a aplicación do procedemento establecido para o acceso ás materias clasificadas.

2. As informacións ou datos confidenciais que a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outras autoridades competentes recibisen no exercicio das súas funcións e a supervisión e inspección previstas nesta ou noutras leis, estarán suxeitas a segredo profesional e non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade. A reserva entenderase levantada desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que aquela se refira.

3. Tódalas persoas que desempeñen ou desempeñasen unha actividade para a Comisión Nacional do Mercado de Valores e tivesen coñecemento de datos de carácter reservado están obrigadas a gardar segredo. O incumprimento desta obriga determinará as responsabilidades penais e as demais previstas polas leis. Estas persoas non poderán prestar declaración nin testemuño, nin publicar, comunicar, exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de cesaren no servizo, agás permiso expreso outorgado polo órgano competente da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Se o dito permiso non fose concedido, a persoa afectada manterá o segredo e quedará exenta da responsabilidade que diso emane.

4. Exceptúanse da obriga de segredo regulado no presente artigo:

a) Cando o interesado consinta expresamente a difusión, publicación ou comunicación dos datos.

b) A publicación de datos agregados a fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada de maneira que as entidades indivi-

duais non poidan ser identificadas nin sequera indirectamente.

c) As informacións requiridas polas autoridades xudiciais competentes nun proceso penal, ou nun xuízo civil, se ben neste último caso a obriga de segredo manterase en todo o relativo ás esixencias prudenciais dunha empresa de servizos de investimento.

d) As informacións que, no marco dos procedementos mercantís derivados da suspensión de pagamentos, quebra ou liquidación forzosa dunha empresa de servizos de investimento, sexan requiridas polas autoridades xudiciais, sempre que non versen sobre terceiros implicados no reflotación da entidade.

e) As informacións que, no marco dos recursos administrativos ou xurisdiccionais interpostos sobre resolucións administrativas dictadas en materia de ordenación e disciplina dos mercados de valores, sexan requiridas polas autoridades administrativas ou xudiciais competentes.

f) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores lles teña que facilitar para o cumprimento das súas respectivas funcións ás comunidades autónomas con competencias en materia de bolsas de valores; ó Banco de España; á Dirección Xeral de Seguros; ós órganos rectores dos mercados secundarios oficiais co obxecto de garanti-lo seu funcionamento regular; ós fondos de garantía de investidores; ós interventores ou síndicos dunha empresa de servizos de investimento ou dunha entidade do seu grupo, designados nos correspondentes procedementos administrativos ou xudiciais, e ós auditores de contas das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos.

g) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que lles facilitar ás autoridades responsables da loita contra o branqueo de capitais en aplicación da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, así como as comunicacións que, de modo excepcional, se poidan realizar en virtude do disposto nos artigos 111 e 112 da Lei xeral tributaria, logo de autorización indelegable do ministro de Economía e Facenda. Para estes efectos, deberanse ter en conta os acordos de colaboración formalizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores con autoridades supervisoras doutros países.

h) As informacións requiridas por unha Comisión Parlamentaria de Investigación, nos termos establecidos pola súa lexislación específica.

i) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores decida facilitar a un sistema ou cámara de compensación e liquidación dun mercado de valores español, cando considere que son necesarias para garanti-lo correcto funcionamento dos ditos órganos ante calquera incumprimento, ou posible incumprimento, que se produza no mercado.

j) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que lles facilitar, para o cumprimento das súas funcións, ós organismos ou autoridades doutros países nos que recaia a función pública de supervisión das entidades de crédito, das empresas de seguros, doutras institucións financeiras e dos mercados financeiros, ou a xestión dos sistemas de garantía de depósitos ou indemnización dos investidores, sempre que exista reciprocidade, e que os organismos e autoridades estean sometidos a segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

k) As informacións que por razóns de supervisión prudencial ou sanción das empresas de servizos de investimento e entidades ou institucións financeiras e mercados suxeitos ó ámbito desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que dar a coñecer ó Ministerio de Economía e Facenda ou ás autoridades das comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores.

5. As autoridades xudiciais que reciban da Comisión Nacional do Mercado de Valores información de carácter reservado estarán obrigadas a adopta-las medidas pertinentes que garantan a reserva durante a substanciación do proceso de que se trate. As restantes autoridades, persoas ou entidades que reciban información de carácter reservado quedarán suxeitas ó segredo profesional regulado no presente artigo e non poderán utilizala senón no marco do cumprimento das funcións que teñan legalmente establecidas.

Os membros dunha Comisión Parlamentaria de Investigación que reciban información de carácter reservado estarán obrigados a adopta-las medidas pertinentes que garantan a reserva.

6. Sen prexuízo do establecido no artigo 6 do Real decreto legislativo 1290/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ó das Comunidades Europeas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España deberán subministrar mutuamente toda clase de informacións susceptibles de contribuíren ó adecuado desenvolvemento das actividades da supervisión última das cales sexa responsable cada unha delas.»

Sete. Modifícase a alínea e) e engádense as seguintes á relación que figura no artigo 92 da Lei 24/1988:

«e) Un rexistro dos documentos a que se refire o artigo 6 e, en xeral, dos referidos na letra b) do artigo 26.

f) Un rexistro das empresas de servizos de investimento que operen en España e, se é o caso, dos seus administradores, directivos e asimilados.

g) Un rexistro das entidades previstas no número 2 do artigo 65.

h) Un rexistro dos axentes ou apoderados que actúen con carácter habitual por conta das empresas de servizos de investimento.

i) Un rexistro de titulares de participacións significativas previstas no artigo 53.

j) Un rexistro de feitos e informacións significativas para os mercados de valores.»

Oito. Os dous primeiros parágrafos do artigo 95 pasan a te-la redacción seguinte:

«As persoas físicas e entidades ás que lles resulten de aplicación os preceptos da presente lei, así como as que ostenten de feito ou de dereito cargos de administración ou dirección destas últimas, que infrinxan normas de ordenación ou disciplina do Mercado de Valores incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto neste capítulo.

Ostentan cargos de administración ou dirección nas entidades a que se refire o parágrafo anterior, para os efectos do disposto neste capítulo, os seus administradores ou membros dos seus órganos

colexiados de administración, así como os seus directores xerais e asimilados, enténdendose por tales aquelas persoas que, de feito ou de dereito, desenvolvan na entidade funcións de alta dirección.»

Nove. O parágrafo inicial e a alínea a) do artigo 97 terá a seguinte redacción, engadíndose un número novo:

«1. A competencia para a incoación, instrución e sanción nos procedementos sancionadores a que se refire este capítulo axustarase ás seguintes regras:

a) A incoación e instrución de expedientes corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores. A incoación de expedientes, cando afecte a empresas de servizo de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, comunicaráselles ás súas autoridades supervisoras, co fin de que, sen prexuízo das medidas cautelares e sancións que procedan consonte a presente lei, adopten as que consideren apropiadas para que cese a actuación infractora ou se evite a súa reiteración no futuro.»

«2. Cando a competencia sancionadora lles corresponda ás comunidades autónomas, os órganos competentes para a incoación, instrución e sanción fixaranse nas normas orgánicas que distribúan as competencias no ámbito interno da respectiva comunidade autónoma.»

Dez. O artigo 98 terá a redacción que segue:

«1. En materia de procedemento sancionador, resultará de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas especialidades resultantes dos artigos 21 a 24 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

Igualmente será aplicable no exercicio da potestade sancionadora atribuída á Comisión Nacional do Mercado de Valores o disposto nos artigos 7, 14 e 15 da citada Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, así como, en relación coas entidades comprendidas no número 1 do artigo 84 desta lei, o previsto no artigo 17 daquela.

2. As resolucións que impoñan sancións conforme o disposto nesta lei serán executivas cando poñan fin á vía administrativa. Nelas adoptaranse, se é o caso, as disposicións cautelares precisas para garanti-la súa eficacia entrementes non sexan executivas.

3. A imposición das sancións, con excepción da amoestación privada, farase constar no correspondente rexistro administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores. As sancións de suspensión, separación e separación con inhabilitación, unha vez que sexan executivas, faranse constar ademais, se é o caso, no Rexistro Mercantil.

4. Unha vez que as sancións impostas a unha persoa xurídica sexan executivas, deberán ser obxecto de comunicación á inmediata xunta xeral que se celebre.

5. As sancións por infraccións moi graves serán obxecto de publicación no "Boletín Oficial del Estado" unha vez que sexan firmes en vía administrativa.

6. O ministro de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valo-

res, poderá condonar, total ou parcialmente, ou adia-lo pagamento das multas impostas a persoas xurídicas cando pasasen a estar controladas por outros accionistas despois de se comete-la infracción, estean incursas nun procedemento concursal, ou se dean outras circunstancias excepcionais que fagan que o cumprimento da sanción nos seus propios termos atente contra a equidade ou prexudique os intereses xerais. O anterior non alcanzará en ningún caso ás sancións impostas ós que ocupaban cargos de administración ou dirección nas ditas persoas xurídicas cando se cometeu a infracción.

En ningún caso haberá lugar á condonación ou adiamento se, no suposto de transmisión de accións da entidade sancionada, mediase prezo ou superada a situación concursal puidese afrontarse a sanción.»

Once. Dáselle unha nova redacción ás letras a), b), c), f), g), h), i) e o) do artigo 99 da Lei 24/1988, que quedarán como segue:

«a) O exercicio, non simplemente ocasional ou illado, polas sociedades rectoras das bolsas de valores, ou polos organismos rectores dos demais mercados oficiais ou non, pola sociedade de bolsas, polo Servicio de Compensación e Liquidación de Valores, ou polos órganos de compensación e liquidación dos mercados secundarios, oficiais ou non, polas sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos, de actividades de intermediación financeira, ou, en xeral, alleas ó seu obxecto social exclusivo.

b) A admisión de valores a negociación nos mercados secundarios oficiais polos seus organismos rectores sen a previa verificación, recollida no artigo 32 desta lei, así como a suspensión ou exclusión por eles da negociación dalgún valor, ou o incumprimento das circunstancias anteriores no marco dun mercado secundario non oficial.

c) O incumprimento, non simplemente ocasional ou illado, polos organismos rectores dos mercados secundarios, oficiais ou non, con exclusión do Banco de España, polo Servicio de Compensación e Liquidación de Valores, ou polos organismos de compensación e liquidación dos mercados secundarios, oficiais ou non, das normas reguladoras dos ditos mercados ou das súas propias actuacións, desatendendo os requirimentos que para este efecto lles fosen formulados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

«f) A infracción da prohibición establecida no parágrafo cuarto do artigo 12 por parte dos membros dos mercados secundarios, oficiais ou non, e das entidades encargadas dos rexistros contables, así como o mantemento, por parte destas últimas, dos rexistros contables correspondentes a valores representados mediante anotacións en conta con atraso, inexactitude ou outra irregularidade substancial.

g) O incumprimento por parte das entidades xestoras do mercado de débeda pública en anotacións e das entidades adheridas ó Servicio de Compensación e Liquidación de Valores ou dos órganos de compensación e liquidación dos mercados secundarios, oficiais ou non, das normas que regulen as súas relacións cos correspondentes rexistros contables de carácter central.

h) A non expedición polos membros dos mercados secundarios, oficiais ou non, dos documentos acreditativos das operacións a que se refire a alínea c) do artigo 44 da lei, ou a falta de entrega

deles ós seus clientes, agás que teñan un carácter simplemente ocasional e illado, así como a circunstancia de non reflectir naqueles os seus termos reais.

i) O desenvolvemento de prácticas dirixidas a falsea-la libre formación dos prezos no Mercado de Valores cando produzan unha alteración significativa da cotización e xeren danos considerables ós investidores.»

«o) O incumprimento do disposto no número 2 do artigo 81.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ó último parágrafo do artigo 99:

«Cando as infraccións recollidas nas letras e), k) e m) do parágrafo anterior se produzan con referencia ós grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, ou ós grupos consolidables dos que sexan dominantes as entidades ás que se refiren as letras a) e b) do número 1 do artigo 84, considerarase responsable a entidade obrigada a formular e aproba-las contas e o informe de xestión consolidados.»

Trece. Dáselle unha nova redacción ós puntos que se indican e engádense sete puntos, letras s), t), u), v), w), x) e y), do artigo 100:

«a) O nomeamento polas sociedades rectoras das bolsas de valores ou polos organismos rectores dos demais mercados, oficiais ou non, pola sociedade de bolsas, polo Servicio de Liquidación e Compensación de Valores ou dos organismos de liquidación e compensación ou polas sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos de membros do seu Consello de Administración e, se é o caso, de directores xerais sen a previa aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, cando proceda, da Comunidade Autónoma con competencias en materia de mercados de ámbito autonómico.»

«d) A percepción polos membros dos mercados secundarios, oficiais ou non, de comisións en contía superior ós límites, se é o caso, establecidos ou sen ter cumprido o requisito de previa publicación e comunicación das tarifas no suposto de que iso resulte obrigatorio.

e) O incumprimento por aqueles que non sexan empresas de servizos de investimento, nin entidades financeiras, nin fedatarios públicos, das obrigas, limitacións ou prohibicións que deriven do disposto no artigo 36 desta lei ou das disposicións ou regras dictadas de acordo co previsto nos seus artigos 38 e 43.

f) O uso indebido das denominacións ás que se refire o número 5 do artigo 64.

g) A inobservancia polas empresas de servizos de investimento das regras que se dicten ó abeiro do previsto na letra e) do número 1 do artigo 70.

h) O incumprimento da normativa que se dicte ó abeiro do previsto na letra d) do número 1 do artigo 70, cando non constituía infracción moi grave.»

«j) A falta de comunicación de informacións ós organismos rectores dos mercados secundarios, oficiais ou non, ou á Comisión Nacional do Mercado de Valores nos casos en que a dita comunicación sexa preceptiva consonte esta lei e non constituía infracción moi grave conforme o artigo anterior.

k) O cesamento ou diminución dunha participación significativa incumprindo o previsto no número 9 do artigo 69.»

«n) A infracción ou o incumprimento das normas de conducta previstas no título VII cando non constitúan infracción moi grave conforme o artigo anterior.»

«q) As infraccións leves cando durante os dous anos anteriores á súa comisión o infractor fose obxecto de sanción polo mesmo tipo de infracción.»

«s) A efectiva administración ou dirección das entidades a que se refire o artigo 84.1 desta lei por persoas que non exerzan de dereito nelas un cargo da dita natureza.

t) A infracción das normas de conducta establecidas no título VII desta lei, ou nas disposicións dictadas no seu desenvolvemento, cando non constitúan infracción moi grave, consonte o previsto no artigo anterior.

u) O incumprimento polas entidades emisoras con valores admitidos a negociación nos mercados secundarios de valores das súas obrigas respecto do sistema de rexistro dos ditos valores.

v) A realización por parte de empresas de servizos de investimento, ou doutras entidades autorizadas, de operacións nun mercado, ou sistema organizado de negociación de valores ou outros instrumentos financeiros, que non obtivesen as autorizacións esixidas nesta lei.

w) O desenvolvemento de prácticas dirixidas a falsear a libre formación dos prezos no Mercado de Valores cando non teña a consideración de infracción moi grave.

x) O incumprimento do disposto no número 2 do artigo 81 desta lei cando os beneficios obtidos polo infractor sexan de escasa relevancia.

y) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 41 desta lei cando non constitúan infracción moi grave.»

Catorce. Dáselle a seguinte nova redacción ó último parágrafo do artigo 100:

«Cando as infraccións recollidas nas letras c), g) e h) do parágrafo anterior se produzan con referencia ós grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, ou ós grupos consolidables dos que sexan dominantes as entidades ás que se refiren as letras a) e b) do número 1 do artigo 84, considerarase responsable a entidade obrigada a formular e aproba-las contas e o informe de xestión consolidados.»

Quince. 1. Dáselle unha nova redacción ás alíneas c) e d) e engádense tres novas ó artigo 102:

«c) Suspensión da condición de membro do mercado secundario, oficial ou non, correspondente por un prazo non superior a cinco anos.

d) Revogación da autorización cando se trate de empresas de servizos de investimento, entidades xestoras do mercado de débeda pública ou doutras entidades inscritas nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Se se trata de sucursais de empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, esta sanción de revogación entenderase substituída pola prohibición de que inicie novas operacións no territorio español.

e) Amoestación pública, con publicación no “Boletín Oficial del Estado”.

f) Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade financeira, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma entidade por un prazo non superior a cinco anos.

g) Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor en calquera entidade financeira, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera outra entidade financeira da mesma natureza por un prazo non superior a dez anos.»

2. Engádeselle un novo parágrafo ó artigo 102:

«As sancións por infraccións moi graves serán publicadas no “Boletín Oficial del Estado” unha vez que sexan firmes en vía administrativa.»

Dezaseis. Incorpórase un novo texto na letra d), engádesse unha nova letra e) e dáselle unha nova redacción ó último parágrafo do artigo 103:

«d) Suspensión da condición de membro dun mercado secundario, oficial ou non, correspondente por un prazo non superior a un ano.

e) Suspensión por un prazo non superior a un ano no exercicio de todo cargo directivo na entidade na que cometese a infracción.»

«Cando se trate da infracción prevista na alínea r) do artigo 100 imporase en todo caso a sanción recollida na alínea b) anterior do presente artigo e, ademais, unha das sancións previstas nas alíneas a), c) ou d) do mesmo precepto, sen que a multa que, se é o caso, se impoña, poida ser inferior a 2.000.000 de pesetas.»

Dezasete. Dáselle a seguinte redacción á alínea d) do artigo 105:

«d) Separación do cargo con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade das previstas no número 1 do artigo 84 ou nunha entidade de crédito por prazo non superior a dez anos.»

Dezaioito. O artigo 107 terá o seguinte texto:

«Seralles de aplicación ás entidades enumeradas nas letras a), b), c), d), e) e f) do número 1 do artigo 84 o disposto para as entidades de crédito no título III da Lei de disciplina e intervención das entidades de crédito. A competencia para acordar-las medidas de intervención ou substitución corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

As resolucións da Comisión Nacional do Mercado de Valores que poñan fin ó procedemento serán susceptibles de recurso ordinario ante o ministro de Economía e Facenda.»

Artigo oitavo. *Modificacións ás disposicións adicionais da Lei 24/1988.*

Un. A disposición adicional primeira pasará a estar redactada da seguinte forma:

«A partir da entrada en vigor dos preceptos desta lei referidos ás bolsas de valores, a “Bolsa Oficial de Comercio de Madrid” pasará a se denominar “Bolsa de Valores de Madrid”, entretamentes que as de Barcelona, Bilbao e Valencia conservarán a súa denominación de “Bolsas Oficiais de Comercio” ata que as respectivas comunidades autónomas,

con competencias na materia, non varíen esa denominación. Unha e outras terán para tódolos efectos a consideración de Bolsas de Valores e seralles de íntegra aplicación o que se dispón nesta lei para elas.»

Dous. A disposición adicional terceira terá a seguinte redacción:

«A subscrición ou transmisión de valores só requirirá para a súa validez a intervención de fedatario público cando, non estando admitidos a negociación nun mercado secundario oficial, estean representados mediante títulos ó portador e a dita subscrición ou transmisión non se efectúe coa participación ou mediación dunha sociedade ou axencia de valores, ou dunha entidade de crédito.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional décimo primeira:

«Disposición adicional décimo primeira.

O ministro de Economía e Facenda daralle publicidade á resolución pola que, ó abeiro do previsto no artigo 31 desta lei, se lles recoñeza ós mercados que teñan o carácter de mercados secundarios oficiais.

A publicidade a que se refire o parágrafo anterior corresponderalles ás comunidades autónomas con competencias na materia e respecto ós mercados secundarios oficiais que autoricen de conformidade co sinalado no artigo 31.2.d) da presente lei.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional décimo segunda:

«Disposición adicional décimo segunda.

O mercado interbancario de depósitos non quedará suxeito ás normas da presente lei. Corresponderalle ó Banco de España a regulación e supervisión do funcionamento do dito mercado.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional décimo terceira:

«Disposición adicional décimo terceira.

As referencias que nesta lei se fan a empresas de servizos de investimento e autoridades de Estados membros da Unión Europea inclúen tamén as que pertencen a outros Estados do espazo económico europeo.»

Seis. Engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta:

«Disposición adicional décimo cuarta:

As emisións de valores realizadas polas deputacións forais da Comunidade Autónoma do País Vasco asimiláranse, para tódolos efectos, e tendo en conta as especiais características das facendas forais, ás emisións realizadas por unha Comunidade Autónoma.»

Disposición adicional primeira.

Introdúcense os seguintes cambios na Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo:

Uno. O número 1 do artigo 8 da Lei 46/1984 quedará redactado como segue:

«1. Toda institución de investimento colectiva, para dar comezo á súa actividade, deberá obter a autorización previa do proxecto de constitución polo ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, constituírse como sociedade anónima ou fondo de investimento, segundo proceda, e inscribirse no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores que corresponda á institución.

A dita autorización só poderá ser denegada por incumprimento dos requisitos previstos nesta lei e nas disposicións que as desenvolvan. A solicitude de autorización deberá ser resolta mediante acordo motivado, dentro dos tres meses seguintes á súa recepción ou ó momento en que se complete a documentación esixible e, en todo caso, dentro dos seis meses seguintes á súa recepción.»

Dous. O parágrafo terceiro do número 3 do artigo 8 quedará redactado como segue:

«As modificacións no contrato constitutivo, nos estatutos ou no Regulamento das institucións de investimento colectivo quedarán suxeitas ó establecido neste número e nos dous anteriores, coas excepcións que regulamentariamente se estableza.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó último parágrafo do artigo 10.2:

«O ministro de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, establecerá os casos e condicións en que as sociedades de investimento mobiliaria, de capital fixo ou variable, os fondos de investimento mobiliario e os fondos de investimento en activos do mercado monetario poderán utilizar instrumentos derivados e outras técnicas coa finalidade de asegurar unha adecuada cobertura dos riscos asumidos na totalidade ou en parte da súa carteira, como investimento para xestionar de modo máis eficaz a súa carteira, ou no marco dunha xestión encamiñada á consecución dun obxectivo concreto de rendibilidade, conforme os obxectivos de xestión previstos no folleto informativo e no Regulamento ou Estatutos sociais da institución.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó número 4 do artigo 12:

«4. A xestión dos activos realizarana os órganos da sociedade. Se os estatutos sociais contiveren previsión para o efecto, a xunta xeral, ou por delegación súa ou do seu Consello de Administración, poderá acordar que a xestión, total ou parcial, dos activos da sociedade se lle encomende a un terceiro en quen concorra a cualidade de xestor, conforme as disposicións desta lei. Este acordo deberá ser inscrito no Rexistro Mercantil e no rexistro especial correspondente.»

Cinco. A letra c) do número 1 do artigo 27 queda redactada da seguinte forma:

«Terán como obxecto social exclusivo a administración e representación das institucións de investimento colectivo. Non obstante, tamén poderán xestionar por conta dos fondos de investimento que administren a subscrición e reembolso das súas participacións, podéndose esixir neste suposto

requisitos adicionais de solvencia. Esta última actividade poderana realizar directamente, ou mediante axentes ou apoderados, e deberá en ámbolos casos axustarse ós requisitos que regulamentariamente se establezan.»

Seis. O artigo 23 bis queda redactado do seguinte modo:

Primeiro.

«1. As sociedades de investimento mobiliario de fondos, as sociedades de investimento mobiliario de capital variable de fondos e os fondos de investimento mobiliario de fondos son institucións de investimento colectivo que se caracterizan por investir maioritariamente o seu activo en accións ou participacións dunha ou varias institucións de investimento colectivo de carácter financeiro.

2. A súa denominación deberá ir seguida, en todo caso, das expresións “Sociedade de investimento mobiliario de fondos”, ou das súas siglas “SIMF”; “Sociedade de investimento mobiliario de capital variable de fondos”, ou das súas siglas “SIMCAVF”; ou, “Fondo de investimento mobiliario de fondos”, ou das súas siglas “FIMF”. No caso de institucións que invistan nunha única institución, as denominacións anteriores substituiranse pola de “Sociedade de investimento mobiliario subordinado”, ou polas súas siglas “SIMS”; “Sociedade de investimento mobiliario de capital variable subordinado”; ou, polas súas siglas “SIMCAVS”; ou “Fondo de investimento mobiliario subordinado”, ou polas súas siglas “FIMS”.

Polo que se refire ás institucións de investimento colectivo en que os partícipes sexan as institucións con denominación que se recolle no inciso último do parágrafo anterior, terán as denominacións seguintes: “Sociedade de investimento mobiliario principal”, ou polas súas siglas “SIMP”; “Sociedade de investimento mobiliario de capital variable principal”; ou polas súas siglas “SIMCAVP”, ou “Fondo de investimento mobiliario principal”, ou polas súas siglas “FIMP”.

3. Regulamentariamente, estableceranse, entre outras, as normas sobre investimentos en accións ou participacións dunha ou varias institucións de investimento colectivo, sobre diversificación de riscos, coeficiente de liquidez mínimo, regras de valoración e contabilidade, e subscrición e reembolso de participacións.

4. As sociedades de investimento mobiliario, as sociedades de investimento mobiliario de capital variable e os fondos de investimento mobiliario de fondos, así como os principais e subordinados, rexeranse polo previsto nos puntos anteriores e polas previsións que se determinen regulamentariamente, así como subsidiariamente, e coas necesarias adaptacións, polo recollido para as SIM, SIMCAV e FIM.

5. O réxime sancionador previsto na letra b) do número 2, letras c) e h) do número 3 e letra e) do número 4 do artigo 32 desta lei, seralles de aplicación ás institucións de investimento colectivo de fondos, así como os principais e subordinados, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen.»

Segundo.

«Poderán fusionarse fondos de investimento xa sexa mediante absorción xa con creación dun novo fondo.

A iniciación do procedemento requirirá o acordo previo da sociedade xestora e do depositario dos fondos que se vaian fusionar.

A fusión será previamente autorizada polo ministro de Economía e Facenda por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Os procesos de fusión deberán ser obxecto de comunicación ós partícipes para que, no prazo dun mes, a partir daquela, se poida exercer-lo dereito de separación, con reembolso dos participantes sen gasto ningún, ó valor liquidativo determinado conforme o artigo 20.2 correspondente ó día en que finalice o prazo do exercicio do dereito de separación.»

Sete. Introdúcese un novo artigo 23 ter coa redacción que segue:

«1. Poderán crearse, ó abeiro da presente lei, sociedades de investimento mobiliario, tanto de capital fixo como variable, como fondos de investimento mobiliario caracterizados, por investir, maioritariamente, o seu activo en valores non negociados en mercados secundarios de valores.

2. Regulamentariamente, estableceranse, entre outras, as especialidades aplicables a estas institucións en materia de investimentos, diversificación de riscos, coeficientes de investimento, coeficiente de liquidez, regras de valoración e contabilidade, subscrición e reembolso de participacións.

Supletoriamente, e coas necesarias adaptacións, rexeranse polo recollido para as SIM, SIMCAV e FIM.»

Oito. Introdúcese un novo artigo 23 quater coa redacción que segue:

«1. Poderán crearse FIM e FIAMM, así como calquera IIC de carácter financeiro coa forma de fondo de investimento e en que os partícipes sexan en exclusiva investidores institucionais ou profesionais.

2. Regulamentariamente, estableceranse, entre outras, para as institucións recollidas no presente artigo especialidades en materia de número mínimo de partícipes e de subscrición e reembolso de participacións.»

Novo. Introdúcese un novo artigo 31 bis co texto seguinte:

«As disposicións contidas no artigo 90 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coas necesarias adaptacións referentes ás institucións de investimento colectivo sometidas ó ámbito da presente lei, resultarán de aplicación ás funcións de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores recollidas neste texto legal.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 27 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que quedará como segue:

«2. Regulamentariamente, determinaranse as condicións en que poidan contratarse con outras entidades a administración dos activos estranxeiros.»

Disposición adicional segunda.

Ás sociedades de investimento mobiliario, tanto de capital fixo como de capital variable, e ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, regu-

ladas na Lei 46/1984, do 26 de decembro, seranlles aplicables, coas adaptacións regulamentarias que veñan esixidas pola súa natureza específica, as regras que a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, contén para as empresas de servizos de investimento sobre as seguintes materias:

1. Revogación da autorización polas causas previstas nas letras b), d), e), g), h), k) ou l) do artigo 73.
2. Suspensión da autorización polas causas previstas nas letras a), b), no que sexa de aplicación, e c) do número 1 do artigo 76.

As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo tamén lles serán aplicables, coas adaptacións regulamentarias que veñan esixidas pola súa natureza específica, as regras 2.^a do número 1 e g) do número 2 do artigo 67 e o artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, conteñen para as empresas de servizos de investimento sobre idoneidade dos accionistas titulares dunha participación significativa.

Disposición adicional terceira.

Nos casos de quebra ou suspensión de pagamentos dunha entidade emisora de valores ou dunha entidade rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores, as obrigas que segundo a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores ou outras leis teñen os seus administradores e directivos de lle remitir información á dita comisión seranlles esixibles ós síndicos, depositarios e interventores, segundo proceda.

Disposición adicional cuarta.

1. Poderán crearse fondos de titulización hipotecaria, ós que se refire a Lei 19/1992, do 7 de xullo, que estean integrados por participacións de créditos hipotecarios vencidos, sempre que tales créditos e as hipotecas constituídas na súa garantía reúnan tódolos demais requisitos establecidos na lexislación do mercado hipotecario e que, ademais, se establezan mecanismos ou instrumentos de mellora crediticia.

2. No procedemento de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores da constitución dos citados fondos aquela poderá establecer obrigas específicas de información e control do regular funcionamento deles.

Disposición adicional quinta.

1. A letra d) do artigo 9 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, quedará como segue:

«d) O Banco de España, os fondos de garantía de depósitos e os fondos de garantía de investimentos.»

2. Os fondos de garantía de investimentos gozarán de exención polos impostos indirectos que se puidesen devengar por razón da súa constitución, do seu funcionamento e dos actos e operacións que realicen no cumprimento dos seus fins. A exención estenderase igualmente ás operacións gravadas por tributos indirectos, o importe dos cales se lles deba repercutir en función das disposicións que regulan os tributos.

Disposición adicional sexta.

1. Cando en garantía das obrigas xerais contraídas fronte a algún mercado secundario ou fronte ós seus sistemas de compensación e liquidación, ou en garantía

do cumprimento das obrigas contraídas por operacións efectuadas nun destes mercados se constituísen peñores sobre valores admitidos a negociación en mercados secundarios e representados por medio de anotacións en conta, tales peñores poderanse constituír mediante póliza intervida por corredor de comercio colexiado ou escritura pública.

2. Así mesmo, os peñores a que se refire o número anterior poderanse constituír, sen os efectos dos documentos referidos neles, pero con aplicación do disposto no artigo 10 da Lei do mercado de valores:

a) Mediante documento privado, debendo a entidade encargada de leva-lo rexistro contable practicala correspondente inscrición cando teña constancia do consentimento do que apareza como titular no citado rexistro e da entidade a favor da cal se constituía o peñor.

b) Mediante manifestación unilateral do que apareza como titular no rexistro contable, mesmo realizada por medios telemáticos, caso en que se entenderá producida a aceptación da entidade a favor da cal se constituía desde que se lle comunique a dita manifestación unilateral á entidade encargada de leva-lo rexistro contable dos valores, sempre que así estea previsto na regulamentación do mercado ou sistema de compensación e liquidación de que se trate, ou se pactase expresa e previamente esta forma de aceptación entre as partes interesadas. Non obstante, esta forma de aceptación da constitución do peñor non implicará a suficiencia da garantía que se debese prestar, polo que, en caso de resultar insuficiente, haberá que se ater ó que proceda en tal suposto.

A entidade encargada do rexistro contable dos valores sobre os que se constituía o peñor comunicaralle á entidade a favor da cal se realizase tanto a inscrición do peñor como, se é o caso, as incidencias ou circunstancias que se produzan.

O peñor constituído conforme o disposto neste punto producirá efectos contra terceiros desde a data en que conste no rexistro contable.

3. A execución dos peñores, a que se refiren os puntos anteriores, efectuarase conforme o previsto nos artigos 322 a 324 do Código de comercio, se ben será suficiente a acreditación dos documentos que prevegan, se é o caso, as normas de ordenación e disciplina do mercado ó regula-la creación do peñor para acreditar a existencia da garantía pignoratícia e da cantidade debida.

4. Os organismos rectores dos mercados secundarios e os seus sistemas de compensación e liquidación gozarán dos mesmos privilexios que o artigo 1926 do Código civil lles confire ós acredores pignoratícios respecto dos bens, valores ou dereitos en que se materialicen ou recaian as garantías outorgadas no seu favor polos membros ou investidores nos ditos mercados calquera que sexan os referidos bens, valores ou dereitos e as formalidades da súa constitución, sempre que esta se axustase á lexislación aplicable e normas particulares de cada mercado.

5. Cando as garantías a que se refire o número 1 da presente disposición consistisen en depósitos de efectivo, con ou sen mandato de xestión, a execución da garantía farase por simple compensación. Nos demais casos, cando non exista un procedemento de execución especialmente previsto pola lei executaranse por medio de poxa con intervención de notario ou corredor colexiado de comercio e citación do debedor e do propietario do ben, valor ou dereito dado en garantía se non fosen a mesma persoa, seguindo-se nos demais o procedemento previsto no parágrafo primeiro do artigo 1872 do Código civil, sen que o procedemento de execución antedito poida ser suspendido ou interrompido agás por mandato xudicial e, neste caso, o xuíz deberá esixir, a quen

solicítase a suspensión, garantía bastante e específica para cubri-los danos e perdas que dela se puidesen derivar.

6. O réxime establecido nos puntos anteriores será, así mesmo, aplicable ós peñores en garantía de obrigas contraídas fronte ó Banco de España no exercicio das súas operacións de política monetaria, así como ás que teñan que constituí-las entidades participantes nun sistema interbancario de pagamentos en garantía da dita participación.

Disposición adicional sétima.

Modifícase o artigo 48.1 a) da Lei 18/1981, engadindo o seguinte parágrafo:

«Para os efectos do disposto no parágrafo anterior debe entenderse por mercados secundarios oficiais de valores, ademais dos previstos expresamente na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os segundos mercados para pequenas e medianas empresas das bolsas de valores españolas xa existentes ou que se creen no futuro.»

Disposición adicional oitava.

Dáselle unha nova redacción ó parágrafo final da disposición derradeira primeira da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, co texto que segue:

«Os auditores das contas anuais das entidades sometidas ó réxime de supervisión previsto na Lei 13/1992, sobre recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras ou das entidades reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, ou das entidades e institucións reguladas na Lei 46/1984, do 26 de decembro, sobre institucións de investimento colectivo, terán a obriga de lle comunicar rapidamente por escrito ó Banco de España, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, á Dirección Xeral de Seguros, segundo proceda, calquera feito ou decisión, sobre a entidade ou institución auditada, do que tivesen coñecemento no exercicio das súas funcións e que poida:

a) Constituír unha violación grave do contido das disposicións legais, regulamentarias ou administrativas que establezan as condicións da súa autorización ou que regulen de maneira específica o exercicio da súa actividade.

b) Prexudica-la continuidade da súa explotación, ou afectar gravemente a súa estabilidade ou solvencia.

c) Implica-la abstención da opinión do auditor, ou unha opinión desfavorable ou con reservas, ou impedi-la emisión do informe de auditoría.

Sen prexuízo da obriga anterior, a entidade auditada terá a obriga de lles remitir copia do informe de auditoría das contas anuais ás autoridades supervisoras competentes anteriormente citadas. Se no prazo dunha semana desde a data de entrega do informe, o auditor non tivese constancia fidedigna de que se produciu a dita remisión, deberalles enviar directamente o informe ás citadas autoridades.

A obriga anterior alcanzará tamén os auditores das contas anuais das empresas ligadas por un vínculo de control, no sentido en que determina o artigo 4 da Lei 24/1988, do mercado de valores,

a algunha das entidades ou institucións a que se refire o parágrafo primeiro.

Adicionalmente, os auditores de contas das empresas dominadas que estean sometidas ó réxime de supervisión, ademais de informa-las autoridades supervisoras competentes, segundo se establece no parágrafo primeiro, tamén informarán os auditores de contas da entidade dominante.

A comunicación de boa fe dos feitos ou decisións mencionados ás autoridades supervisoras competentes non constituirá incumprimento do deber de segredo establecido no artigo 13 desta lei, ou do que lles poida ser esixible contractualmente ós auditores de contas, nin implicará para estes ningún tipo de responsabilidade.»

Disposición adicional novena.

1. Engádese un novo parágrafo ó artigo 2 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque, que quedará como segue:

«Terán a consideración de cláusulas facultativas tódalas mencións postas na letra distintas das sinaladas no artigo precedente.»

2. Dáselles nova redacción ós parágrafos segundo, terceiro e cuarto do artigo 51 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, que quedarán como segue:

«Producirá tódolos efectos cambiarios do protesto a declaración que conste na propia letra, asinada e datada polo librado na que se denegue a aceptación ou o pagamento, así como a declaración, cos mesmos requisitos, do domiciliario ou, se é o caso, da Cámara de Compensación, na que se denegue o pagamento, agás que o librador esixise expresamente na letra o levantamento do protesto notarial no espazo reservado pola normativa aplicable a cláusulas facultativas. En todo caso a declaración do librado, do domiciliario ou da Cámara de Compensación deberá ser feita dentro dos prazos establecidos para o protesto notarial no artigo seguinte.

O protesto notarial por falta de aceptación deberase facer dentro dos prazos fixados para a presentación á aceptación ou dentro dos oito días hábiles seguintes.

O protesto por falta de pagamento dunha letra de cambio pagadoira a data fixa ou a certo prazo desde a súa data ou desde a vista deberase facer nun dos oito días hábiles seguintes ó do vencemento da letra de cambio. Se se tratar dunha letra pagadoira á vista, o protesto deberase estender no prazo indicado no parágrafo precedente para o protesto por falta de aceptación.»

3. Engádeselle un novo parágrafo ó artigo 95 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, co texto seguinte:

«Terán a consideración de cláusulas facultativas tódalas mencións postas na obriga de pagamento distintas das sinaladas no artigo precedente.»

4. O primeiro parágrafo do artigo 96 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, quedará como segue:

«Serán aplicables á obriga de pagamento, mentres iso non sexa incompatible coa natureza deste título, as disposicións relativas á letra de cambio e referentes:

Ó endoso (artigos 14 a 24).

Ó vencemento (artigos 38 a 42).

Ó pagamento (artigos 43 e 45 a 48).

As accións por falta de pagamento (artigos 49 a 60 e 62 a 68). No obstante, as cláusulas facultativas que se incorporen á obriga de pagamento, para a súa validez, deberán vir asinadas expresamente por persoa autorizada para a súa inserción, sen prexuízo das sinaturas esixidas na presente lei para a validez do título.

O pagamento por intervención (artigos 70 e 74 a 78).

As copias (artigos 82 e 83).

O extravío, sustracción ou destrución (artigos 84 a 87).

A prescrición (artigos 88 e 89).

O cómputo dos prazos e á prohibición dos días de gracia (artigos 90 e 91).

O lugar e domicilio (artigo 92).

As alteracións (artigo 93).»

5. No artigo 107 da Lei 19/1985 engádeselle un novo parágrafo co texto seguinte:

«Terán a consideración de cláusulas facultativas tódalas mencións postas no cheque distintas das sinaladas no artigo precedente.»

6. No artigo 147 da Lei 19/1985 dáselle nova redacción ó parágrafo primeiro e engádeselle un novo parágrafo cos textos seguintes:

«O protesto ou a declaración equivalente débese facer antes da expiración do prazo da presentación. Se a presentación se efectúa nos oito últimos días do prazo, o protesto ou declaración equivalente pódese facer nos oito días hábiles seguintes ó da presentación.»

«Malia iso, as cláusulas facultativas que se incorporen ó cheque, para a súa validez, deberán estar asinadas expresamente por persoa autorizada para a súa inserción, sen prexuízo das sinaturas esixidas na presente lei para a validez do título.»

Disposición adicional décima.

1. As normas da presente disposición aplicaráselles ás operacións financeiras relativas a instrumentos derivados que se realicen no marco dun acordo de compensación contractual, sempre que nel concorran os seguintes requisitos:

a) Que polo menos unha das partes do acordo sexa unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento, ou entidades non residentes autorizadas para levar a cabo as actividades reservadas na lexislación española ás referidas entidades ou empresas.

b) Que o acordo prevexa a creación dunha única obriga xurídica, que abarque tódalas operacións financeiras incluídas nel e en virtude da cal, en caso de vencemento anticipado, as partes só terán dereito a se esixiren o saldo neto das operacións vencidas, calculado conforme o establecido no acordo de compensación contractual.

2. Consideraranse para efectos desta disposición instrumentos derivados as permutas financeiras, as operacións de tipos de xuro a prazo, as opcións e futuros, as compravendas de divisas e calquera combinación das anteriores, así como as operacións similares ou de análoga natureza.

3. A declaración do vencemento anticipado, resolución, terminación ou efecto equivalente das operacións financeiras incluídas nun acordo de compensación contractual dos previstos no número 1 anterior, non poderá verse limitada, restrinxida ou afectada en calquera forma, por un estado ou solicitude de quebra, suspensión de

pagamentos, liquidación, administración, intervención ou concurso de acredores que afecte calquera das partes do dito acordo, as súas filiais ou sucursais.

Nos supostos en que unha das partes do acordo de compensación contractual se atope nunha das situacións concursais previstas no punto anterior, incluírase como crédito ou débeda da masa exclusivamente o importe neto das operacións financeiras amparadas no acordo, calculado conforme as regras establecidas nel.

4. As operacións financeiras ou o acordo de compensación contractual que as regula só poderán ser impugnados ó abeiro do parágrafo segundo do artigo 878 do Código de comercio, mediante acción exercida polos síndicos da quebra, na que se demostre fraude na dita contratación.

Disposición adicional décimo primeira.

Dáselle unha nova redacción ó artigo 6 do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, polo que se adaptan as normas legais en materia de entidades de crédito ó ordenamento xurídico da Comunidade Económica Europea:

«1. No exercicio das súas funcións de supervisión e inspección das entidades de crédito, o Banco de España colaborará coas autoridades que teñan encomendadas funcións semellantes en estados estranxeiros e poderá comunicar informacións relativas á dirección, xestión e propiedade destas entidades, así como as que poidan facilita-lo control da súa solvencia e calquera outra que poida facilita-la súa supervisión ou sirva para evitar, perseguir ou sancionar conductas irregulares; igualmente, poderá subscribir, para tal efecto, acordos de colaboración.»

No caso de que as autoridades competentes non pertencen a outro estado membro da Unión Europea, a subministración destas informacións esixirá que exista reciprocidade e que as autoridades competentes estean sometidas a segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

2. Os datos, documentos e informacións que consten en poder do Banco de España en virtude de cantas funcións lle encomendan as leis terán carácter reservado e non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade. A reserva entenderase levantada desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que aquelas se refira.

O acceso das Cortes Xerais á información sometida ó deber de segredo realizarase a través do Gobernador do Banco, de conformidade co previsto nos regulamentos parlamentarios. Para tal efecto, o gobernador poderá solicitar motivadamente dos órganos competentes da Cámara a celebración de sesión segreda ou a aplicación do procedemento establecido para o acceso ás materias clasificadas.

3. Tódalas persoas que desempeñen ou desempeñasen unha actividade para o Banco de España e tivesen coñecemento de datos de carácter reservado están obrigadas a gardar segredo. O incumprimento desta obriga determinará as responsabilidades penais e as demais previstas polas leis. Estas persoas non poderán prestar declaración nin testemuño nin publicar, comunicar ou exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de cesaren no servizo, agás permiso expreso outorgado polo órgano competente do Banco de España. Se o dito permiso non for concedido, a

persoa afectada manterá o segredo e quedará exenta da responsabilidade que diso dimane.

4. Exceptúanse da obriga de segredo regulada no presente artigo:

a) Cando o interesado consinta expresamente a difusión, publicación ou comunicación dos datos.

b) A publicación de datos agregados a fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada de maneira que as entidades individuais non poidan ser identificadas nin sequera indirectamente.

c) As informacións requiridas polas autoridades xudiciais competentes nun proceso penal.

d) As informacións que, no marco dos procedementos mercantís derivados da suspensión de pagamentos, quebra ou liquidación forzosa dunha entidade de crédito, sexan requiridas polas autoridades xudiciais, sempre que non versen sobre terceiros implicados na reflotación da entidade.

e) As informacións que, no marco de recursos administrativos ou xurisdiccionais interpostos sobre resolucións administrativas dictadas en materia de ordenación e disciplina das entidades de crédito, sexan requiridas polas autoridades administrativas ou xudiciais competentes.

f) As informacións que o Banco de España teña que facilitar para o cumprimento das súas respectivas funcións á Comisión Nacional do Mercado de Valores, á Dirección Xeral de Seguros, ós Fondos de Garantía de Depósitos, ós interventores ou síndicos dunha entidade de crédito ou dunha entidade do seu grupo, designados nos correspondentes procedementos administrativos ou xudiciais, e ós auditores de contas das entidades de crédito e ós seus grupos.

g) As informacións que o Banco de España transmita, en canto autoridade monetaria, ó Banco Central Europeo, ós bancos centrais e organismos de función similar da Unión Europea, así como a outras autoridades públicas encargadas da supervisión dos sistemas de pagamentos.

h) As informacións que o Banco de España teña que facilitar, para o cumprimento das súas funcións, ós organismos ou autoridades doutros países nos que recaia a función pública de supervisión das empresas de servizos de investimento, das empresas de seguros, doutras institucións financeiras e dos mercados financeiros, ou a xestión dos sistemas de garantía de depósitos ou indemnización dos investidores das entidades de crédito, sempre que exista reciprocidade, e que os organismos e autoridades estean sometidos a segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

i) As informacións que o Banco de España decida facilitarlle a unha cámara ou organismo semellante autorizado legalmente a prestar servizos de compensación ou liquidación dos mercados españois, cando considere que son necesarias para garanti-lo correcto funcionamento dos ditos organismos ante calquera incumprimento, ou posible incumprimento, que se produza no mercado.

j) As informacións que o Banco de España teña que lles facilitar ás autoridades responsables da loita contra o branqueo de capitais, así como as comunicacións que de modo excepcional se poidan realizar en virtude do disposto nos artigos 111 e 112 da Lei xeral tributaria, logo de autorización indelegable do ministro de Economía e Facenda. Para estes efectos deberán terse en conta os acordos de colaboración asinados polo Banco de España con autoridades supervisoras doutros países.

k) As informacións que por razóns de supervisión prudencial ou sanción das entidades de crédito, o Banco de España teña que lles dar a coñecer ó Ministerio de Economía e Facenda ou ás autoridades das comunidades autónomas con competencias sobre entidades de crédito.

l) As informacións requiridas por unha Comisión Parlamentaria de Investigación nos termos establecidos na súa lexislación específica.

5. As autoridades xudiciais que reciban do Banco de España información de carácter reservado estarán obrigadas a adopta-las medidas pertinentes que garantan a reserva durante a substanciación do proceso de que se trate. As restantes autoridades, persoas ou entidades que reciban información de carácter reservado quedarán suxeitas ó segredo profesional regulado no presente artigo e non a poderán utilizar senón no marco do cumprimento das funcións que teñan legalmente establecidas.

Os membros dunha Comisión Parlamentaria de Investigación que reciban información de carácter reservado estarán obrigados a adopta-las medidas pertinentes que garantan a reserva.

6. As transmisións de información reservada ós organismos e autoridades de países non pertencentes ó espazo económico europeo a que se refiren o segundo parágrafo do número 1 e a letra h) do número 4 estará condicionada, cando a información se orixinase noutro Estado membro, á conformidade expresa da autoridade que a revelase, e só lles poderá ser comunicada ós destinatarios citados para os efectos para os que a dita autoridade dese o seu acordo. Igual limitación se lles aplicará ás informacións ás cámaras e organismos mencionados na letra i) do número 4.»

Disposición adicional décimo segunda.

1. Consonte o disposto no artigo 36 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, poderán ser recoñecidas como operacións dun mercado secundario as operacións dobres e as operacións con pacto de recompra. Para tales efectos, entenderase:

Por operacións dobres (tamén denominadas simultáneas), aquelas nas que se contratan, ó mesmo tempo, dúas compravendas de valores de sentido contrario, realizadas ambas con valores de idénticas características e polo mesmo importe nominal, pero con distinta data de execución, podendo ser ámbalas compravendas ó contado con diferentes datas de liquidación, a prazo, ou a primeira ó contado e a segunda a prazo.

Por operacións con pacto de recompra, aquelas nas que o titular dos valores os vende ata a data da amortización, convindo simultaneamente a recompra de valores de idénticas características e por igual valor nominal, nunha data determinada e intermedia entre a de venda e a de amortización máis próxima, aínda que esta sexa parcial ou voluntaria.

2. Cando as operacións financeiras recollidas no guión primeiro do número anterior cumplan os requisitos a que se refire o número 1 da disposición adicional décima da presente lei, seralles de aplicación o disposto nos seus números 3 e 4.

3. Nas operacións a que se refire o número 1 anterior, se o primeiro vendedor non satisfai o prezo da segunda compravenda, ou incumpre o pacto de recompra, o primeiro comprador adquirirá irrevogablemente o dominio dos valores vendidos.

Así mesmo, tanto a declaración de quebra do primeiro vendedor como a admisión a trámite da súa solicitude de suspensión de pagamentos, entrañarán a resolución de pleno dereito da segunda compravenda, ou do pacto de recompra, producíndose o mesmo efecto a que se refire o parágrafo anterior.

4. O establecido no número 2 precedente aplicarase igualmente ás operacións desa natureza que se realicen sobre outros activos financeiros en garantía das obrigas xerais contraídas fronte ó Banco de España en exercicio das súas operacións de política monetaria.

Disposición adicional décimo terceira.

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto-lei 18/1982, do 24 de maio:

Un. Créase un novo artigo 2 ter co texto seguinte:

«Artigo 2 ter.

Os fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, en caixas de aforro e en cooperativas de crédito indemnizarán os investidores que confiasen a unha entidade de crédito adherida a eles recursos diñeirarios, valores ou outros instrumentos financeiros, para o seu depósito e administración ou para a realización dalgún servizo de investimento dos recollidos na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, nos supostos descritos no artigo 5, números 1 e 1 bis do presente real decreto-lei. A dita cobertura terá o límite, forma, prazo e alcance que regulamentariamente se determinen.»

Dous. Engádeselle ó número 1 do artigo 3 o parágrafo seguinte:

«Cando o patrimonio dun fondo alcance valores negativos, a Comisión Xestora poderá acordar, por maioría de dous tercios de tódolos seus membros, a realización de derramas entre as entidades adheridas. Esas derramas distribuiranse segundo a base de cálculo das achegas, e o seu importe total non poderá exceder da contía necesaria para eliminar aquel déficit.»

Tres. Engádeselle ó artigo 5 o seguinte número:

«1 bis. Con independencia da contía establecida como garantía dos depósitos en virtude do artigo 1, número 2, do Real decreto-lei 4/1980, do 28 de marzo, e os artigos 1, número 2, e 2, número 2, deste real decreto-lei, os fondos de garantía de depósitos satisfaránlles ós titulares de valores ou outros instrumentos financeiros confiados a unha entidade de crédito os importes garantidos cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade de crédito fose declarada en estado de quebra, ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagamentos da entidade, e esas situacións comporten a suspensión da restitución dos valores ou instrumentos financeiros; emporiso, non procederá o pagamento deses importes se, dentro do prazo previsto regulamentariamente para inicia-lo seu desembolso, se levantase a suspensión mencionada.

b) Que, non restituídos os valores ou instrumentos financeiros, o Banco de España determine que a entidade de crédito nos os poida restituír

no futuro inmediato por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España disporá dun prazo de vinteun días para comproba-la existencia deste suposto e resolver sobre a procedencia da indemnización.»

Catro. O último parágrafo do número 1 do artigo 5 queda suprimido, engadíndoselle ó dito artigo o seguinte número:

«1 ter. Tódolos pagamentos que realicen os fondos de garantía de depósitos en virtude dos dous números precedentes realizaranse en efectivo, valorándose para iso os valores ou outros instrumentos financeiros na forma que regulamentariamente se determine.

Polo simple feito do pagamento, os fondos de garantía de depósitos subroganse, por ministerio da lei, nos dereitos do acreedor ou investidor correspondentes ó importe pagado, sendo suficiente título o documento en que conste o pagamento.

No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á entidade fosen restituídos por aquela con posterioridade ó pagamento dun importe garantido en función do número 1 bis, os fondos de garantía de depósitos poderanse resarcir do importe aboado, total ou parcialmente, se o valor dos que teña que restituír fose maior cá diferenca entre o dos que lle foron confiados á entidade e o importe pagado ó investidor, estando facultados, para tal fin, a allealos na contía que resulte procedente, segundo o procedemento e criterio de atribución e valoración que regulamentariamente se establezan.»

Disposición adicional décimo cuarta.

Non será necesario o requisito de escritura pública previsto no artigo 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, no caso de emisións de obrigas de pagamento que vaian ser obxecto de negociación nun mercado secundario, sempre que as súas características consten nun folleto informativo.

Disposición adicional décimo quinta.

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de marzo.

1. Engádeselle un número 3 ó artigo 50, coa seguinte redacción:

«3. Cando o privilexio consista no dereito a obter un dividendo preferente a sociedade estará obrigada a acorda-lo reparto do dividendo se existisen beneficios distribuibles.

Os estatutos terán que establece-las consecuencias da falta de pagamento total ou parcial do dividendo preferente, se este ten ou non carácter acumulativo en relación ós dividendos non satisfeitos, así como os eventuais dereitos dos titulares destas accións privilexiadas en relación ós dividendos que poidan corresponder ás accións ordinarias. Estas non poderán en ningún caso recibir dividendos con cargo ós beneficios dun exercicio, mentres non se aboase o dividendo privilexiado correspondente ó mesmo exercicio.

O mesmo réxime establecido no parágrafo primeiro do presente número seralles aplicable ás sociedades non cotizadas, agás que os seus estatutos dispoñan outra cosa.»

2. Modifícase o número 1 do artigo 91 que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 91. *Dereitos preferentes.*

1. Os titulares de accións sen voto terán dereito a percibi-lo dividendo anual mínimo fixo ou variable que establezan os estatutos sociais. Unha vez acordado o dividendo mínimo, os titulares das accións sen voto terán dereito ó mesmo dividendo que corresponda ás accións ordinarias.

Existindo beneficios distribuibles, a sociedade está obrigada a acorda-lo reparto do dividendo mínimo a que se refire o parágrafo anterior. De non existiren beneficios distribuibles ou de non os haber en cantidade abonda, a parte de dividendo mínimo non pagada deberá ser satisfeita dentro dos exercicios seguintes.

En caso de sociedades non cotizadas, mentres non se satisfaga o dividendo mínimo, as accións sen voto terán dereito de voto en igualdade de condicións cás accións ordinarias e conservando, en todo caso, as súas vantaxes económicas.»

3. Introdúcese un novo número 4 no artigo 91 coa seguinte redacción:

«4. Respecto do dereito de subscrición preferente dos titulares de accións sen voto de sociedades cotizadas haberá que se ater ó que dispoñan os seus estatutos.»

4. Modifícase o número 1 do artigo 92 que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 92. *Outros dereitos.*

1. As accións sen voto atribuiránlles ós seus titulares os demais dereitos das accións ordinarias, agás o disposto no artigo anterior.»

5. Créase a sección 6.^a do capítulo IV, co epígrafe «Das accións rescatables», integrada polos seguintes artigos:

«Artigo 92 bis. *Emisión de accións rescatables.*

1. As sociedades anónimas cotizadas poderán emitir accións que sexan rescatables por solicitude da sociedade emisora, dos titulares destas accións ou de ambos, por un importe nominal non superior á cuarta parte do capital social. No acordo de emisión fixaranse as condicións para o exercicio do dereito de rescate.

2. As accións rescatables deberán ser integramente desembolsadas no momento da subscrición.

3. Se o dereito de rescate se lle atribúe exclusivamente á sociedade, non poderá exercerse antes de que transcorran tres anos contados desde a emisión.

Artigo 92 ter. *Amortización de accións rescatables.*

1. A amortización das accións rescatables deberase realizar con cargo a beneficios ou a reservas libres ou co produto dunha nova emisión de accións acordada pola xunta xeral coa finalidade de financia-la operación de amortización.

2. Se se amortizasen estas accións con cargo a beneficios ou a reservas libres, a sociedade deberá constituír unha reserva polo importe do valor nominal das accións amortizadas.

3. No caso de que non existisen beneficios ou reservas libres en cantidade suficiente nin se emitan novas accións para financia-la operación, a amortización só se poderá levar a cabo cos requisitos establecidos para a redución de capital social mediante devolución de achegas.»

6. Modifícase o número 1 do artigo 158 que pasa a te-la seguinte redacción:

«1. Nos aumentos de capital social con emisión de novas accións, ordinarias ou privilexiadas, os antigos accionistas e os titulares de obrigas convertibles poderán exercer, dentro do prazo que para tal efecto lle conceda a Administración á sociedade, que non será inferior a quince días desde a publicación do anuncio da oferta de subscrición da nova emisión no “Boletín Oficial do Rexistro Mercantil” no caso das sociedades cotizadas, e dun mes no resto dos casos, o dereito a suscribiren un número de accións proporcional ó valor nominal das accións que posúan ou das que lles correspondían ós titulares de obrigas convertibles de exercer nese momento a facultade de conversión.»

7. Modifícase o artigo 159 que pasará a te-la seguinte redacción:

«Artigo 159. *Exclusión do dereito de subscrición preferente.*

1. Nos casos en que o interese da sociedade así o esixa, a Xunta Xeral, ó decidi-lo aumento do capital, poderá acorda-la supresión total ou parcial do dereito de subscrición preferente. Para a validez deste acordo, que terá que respecta-lo disposto no artigo 144, será imprescindible:

a) Que na convocatoria da Xunta se fixese consta-la proposta de supresión do dereito de subscrición preferente e o tipo de emisión das novas accións.

b) Que ó tempo da convocatoria da Xunta se poñan a disposición dos accionistas, conforme o previsto na letra c) do número 1 do artigo 144, un informe elaborado polos administradores, no que se xustifique detalladamente a proposta e o tipo de emisión das accións, con indicación das persoas ás que estas se terán que atribuír, e un informe elaborado, baixo a súa responsabilidade, polo auditor de contas da sociedade sobre o valor real das accións da sociedade e sobre a exactitude dos datos contidos no informe dos administradores. Cando a sociedade non estea obrigada á verificación contable, o auditor será designado polos administradores para os efectos mencionados.

c) Que o valor nominal das accións que se vaian emitir, máis, se é o caso, o importe da prima de emisión, se corresponda co valor real que resulte do informe dos auditores de contas da sociedade. Non obstante, no suposto de sociedades cotizadas, a Xunta de Accionistas poderá acorda-la emisión de novas accións a calquera prezo, sempre que sexa superior ó valor nominal destas, podéndose limitar a establece-lo procedemento para a súa determinación.

2. No caso de sociedades cotizadas, cando a xunta xeral delegue nos administradores a facultade de aumenta-lo capital social conforme o establecido no número 1, b) do artigo 153 poderálles atribuír tamén a facultade de excluí-lo dereito de subscrición preferente en relación ás emisións de

accións que sexan obxecto de delegación cando concorran as circunstancias previstas no número 1 deste artigo e sempre que o valor nominal das accións que se vaian emitir, máis, se é o caso, o importe da prima de emisión, se corresponda co valor real que resulte do informe dos auditores de contas da sociedade.

3. Cando a sociedade teña emitidas obrigas convertibles con relación de conversión fixa e aqueles que as teñan no seu poder se vexan afectados pola exclusión do dereito de subscrición preferente, deberase prever unha fórmula de axuste da dita relación que permita compensar a eventual dilución do importe do dereito de conversión.

4. Non haberá lugar ó dereito de subscrición preferente cando o aumento do capital se deba á conversión de obrigas en accións ou á absorción doutra sociedade ou de parte do patrimonio escindido doutra sociedade.»

8. Modifícase o número 2 do artigo 162 que pasa a te-la seguinte redacción:

«2. Por excepción ó disposto no artigo anterior, o acordo de aumento do capital social poderase inscribir no Rexistro Mercantil antes da execución do dito acordo cando concorran as dúas circunstancias seguintes:

1.º Cando a emisión das novas accións fose autorizada ou verificada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2.º Cando no acordo de aumento do capital social se previse expresamente a subscrición incompleta.

Os administradores, unha vez executado o acordo, deberánlles dar nova redacción ós estatutos sociais co fin de recoller neles a nova cifra de capital social; para ese efecto entenderanse facultados polo acordo de aumento».

9. O antigo número 2 do artigo 162 pasa a se-lo número 3 manténdose a súa redacción actual.

10. Engádense dous novos números 4 e 5 ó artigo 162:

«4. Tratándose de sociedades cotizadas, e no suposto de que a emisión das novas accións fose autorizada ou verificada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, transcorrido un ano desde a conclusión do período de subscrición sen que se presentase a inscrición no Rexistro Mercantil a escritura de execución do acordo, o rexistrador, de oficio, ou por solicitude de calquera interesado, procederá á cancelación da inscrición do acordo de aumento do capital social, remitindo certificación á propia sociedade e á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. Cancelada a inscrición do aumento, os titulares das novas accións emitidas terán o dereito a que se refire o número 3 deste artigo.»

11. Modifícase o número 2 do artigo 194 que pasa a te-la seguinte redacción:

«2. O fondo de comercio unicamente poderá figurar no activo do balance cando se adquirise a título oneroso.

A súa amortización, que se deberá realizar de modo sistemático, non poderá ser crecente nin exceder do período durante o cal o dito fondo contribúa á obtención de ingresos para a sociedade, co límite máximo de vinte anos.

Cando a amortización supere os cinco anos deberase recoller na memoria a oportuna xustificación, na que se indicarán os importes dos ingresos que previsiblemente vai xera-lo dito activo durante o seu período de amortización.»

12. Engádeselle un novo número 3 ó artigo 194 coa seguinte redacción:

«3. Os prazos establecidos para amortización do fondo de comercio seranlles de aplicación ás contas anuais que se formulen con posterioridade ó 31 de decembro de 1998, sen modificar as amortizacións efectuadas en exercicios anteriores.»

Disposición transitoria primeira.

Os valores negociables representados mediante títulos admitidos a cotización nun mercado secundario oficial poderán seguir representados da dita forma, entretres a normativa de desenvolvemento desta lei non imponha a súa representación mediante anotacións en conta.

Disposición transitoria segunda.

As emisións de valores de entidades e sociedades públicas distintas das sinaladas no artigo 55 desta lei que se negocian no mercado de débeda pública en anotacións continuarán negociándose no dito mercado ata o seu vencemento.

Disposición transitoria terceira.

As sociedades e axencias de valores, así como as sociedades xestoras de carteiras deberán adapta-los seus estatutos e programas de actividades ás previsións desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da presente lei e das disposicións regulamentarias pertinentes.

Disposición transitoria cuarta.

Os actos e documentos legalmente necesarios para que as sociedades constituídas consonte a lexislación anterior poidan, dentro dos prazos sinalados nestas disposicións transitorias, dar cumprimento ó establecido na presente lei, quedarán exentos de tributos e exaccións de toda clase.

O Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, fixará unha redución nos dereitos arancelarios que os notarios e os rexistradores mercantís aplicaranlle ó outorgamento e inscrición no rexistro dos actos e documentos necesarios para a adaptación das sociedades existentes ó previsto na presente lei.

Disposición transitoria quinta.

Entretres non se desenvolvan regulamentariamente os preceptos da Lei 24/1988, correspondentes ó mercado de débeda pública en anotacións, na nova redacción dada por esta lei, e non se aprobe o Regulamento do mercado ó que fai mención o artigo 55.4 do citado texto legal, permanecerán vixentes as disposicións regulamentarias que na actualidade regulan o citado mercado.

Disposición transitoria sexta.

1. Á entrada en vigor desta lei, consideraranse mercados secundarios oficiais os recoñecidos no seu

momento como organizados ó abeiro do artigo 77, parágrafo terceiro, desta lei.

2. Na primeira resolución que, conforme o previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, se publique recoñecendo os mercados que teñan o carácter de mercados secundarios oficiais, incluíranse os que teñan tal carácter na data de publicación desta lei, así como os que fosen xa autorizados ó abeiro do artigo 77, parágrafo terceiro, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, na súa redacción dada polo artigo 58 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990.

Disposición transitoria sétima.

Á entrada en vigor da presente lei poderase autorizar a constitución de sociedades de investimento mobiliario, sociedades de investimento mobiliario de capital variable e fondos de investimento mobiliario de fondos, así como principais e subordinados, fondos e sociedades investidores en valores non cotizados e aqueles fondos os partícipes dos cales sexan investidores institucionais ou profesionais. Para tal fin, teranse en conta as regras previstas na disposición adicional primeira e aquelas outras que, recollidas na lexislación vixente, para as SIM, SIMCAV e FIM, puidesen resultar de aplicación.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o actual artigo 86 bis da Lei 24/1988, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente lei.

Malia o disposto no parágrafo anterior, conservarán a súa vixencia as especialidades previstas no réxime da Zona Especial Canaria da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

De igual modo, queda derogada a disposición adicional sétima da Lei 3/1994, do 14 de abril, de adaptación da lexislación española en materia de entidades de crédito á 2.^a Directiva de Coordinación Bancaria e introdúcese outras modificacións relativas ó sistema financeiro.

Disposición derradeira primeira.

1. A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, a previsión de que as entidades de crédito, calquera que sexa a súa nacionalidade, poidan ser mem-

bro das bolsas de valores non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro do ano 2000.

2. Polo que se refire ás previsións do título VI da lei, artigo 77, relativo ós fondos de garantía de investimentos, a súa entrada en vigor respecto ós supostos ós que lles é aplicable, coincidirá coa data de vixencia da Directiva 93/22/CEE, do 10 de maio de 1993, relativa ós servizos de investimento no ámbito dos valores negociables.

Disposición derradeira segunda.

1. Autorízase o Goberno para que, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei, elabore un texto refundido da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, incorporando, ademais da regulación contida nesta lei, as seguintes disposicións legais:

a) Artigo 15 do Real decreto-lei 3/1993, do 26 de febreiro, de medidas urxentes sobre materias orzamentarias, tributarias, financeiras e de emprego.

b) Artigo 13 da Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego.

2. Así mesmo, procederáse ás actualizacións que resulten procedentes como consecuencia da aprobación e entrada en vigor das leis 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

3. A presente delegación inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñen que ser refundidos.

Disposición derradeira terceira.

Nun prazo non superior ó de seis meses contados desde a data de publicación da presente lei, o Goberno deberalles remitir ás Cortes, para a súa tramitación, un proxecto de lei polo que se modificará o capítulo X da Lei de sociedades anónimas, relativo ó réxime xurídico das obrigas.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta lei.

Madrid, 16 de novembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

